| | | | | VSCB1.6.3. Razona a importancia da iniciativa privada na vida económica e social. | Idem | CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS | | | | | | | | |
| Temporalización | Obx | Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Grao mínimo | Competencias Clave | Procedemento/ instrumento avaliación | % |
| Todos os trimestres | b m e | B2.1. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar e argumentar. | B2.1. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía. | VSCB2.1.1. Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe. | Idem | CCL CSC | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB2.1.2. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir. | Idem | CCL CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica traballo equipo. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB2.1.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse. | Colabora, escoita e mostra interese polos outros | CAA CSIEE CSC CCL | P: Intercambios orais. I: Rúbrica traballo equipo. Anecdótico | 2% |
| Todos os trimestres | c m e | B2.2. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación. | B2.2. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade. | VSCB2.2.1. Comparte sentimentos durante o diálogo. | Idem | CCL CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB2.2.2. Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo. | Idem | CCL CSC | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| Todos os | e | B2.3. A aserción. Exposición e | B2.3. Empregar a aserción. | VSCB2.3.1. Emprega a linguaxe positiva. | Idem | CCL | P: Intercambios orais. | 1% |

| | | | | | | | | |
|---------------------|-------------|--|---|--|---|---------------------------------|---|----|
| trimestres | m | defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas. | | VSCB2.3.2. Autoafirmase con respecto. | Idem | CSC CCL CSIEE | I: Anecdótico | 1% |
| Todos os trimestres | b m | B2.4.O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda. | B2.4. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento. | VSCB2.4.1 Infire e dá o sentido adecuado á expresión dos e das demais. | Idem | CCL CSC | P: Intercambios orais. I: Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB2.4.2.utiliza correctamente as estratexias de escoita activa: clarificación, parafraseo, resumo, reestruturación, reflexo de sentimentos. | Idem | CCL CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| Todos os trimestres | c m o | B2.5. A intelixencia interpersonal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo. | B2.5.Establecer relacións interpersonais positivas empregando habilidades sociais. | VSCB2.5.1.Interaciona con empatía. | Idem | CSC CCL CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 2% |
| | | | | VSCB2.5.2. Sabe contribuír á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. | Idem | CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica traballo equipo. Anecdótico | 1% |
| 2º trimestre | a m e | B2.6.Os estereotipos. As consecuencias dos prexuízos. Desenvolvemento de actitudes de solidariedade ante problemas e necesidades das persoas máis desfavorecidas. B2.7.Identificación, axuízamento crítico e rexeitamento das situacións de marxinação, discriminación e inxustiza social. B2.8.Creación de textos, empregando a linguaxe verbal e non verbal, para comunicar en diferentes soportes as conclusións de investigacións realizadas sobre situacións do seu contorno. | B2.6. Analizar criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofren. | VSCB2.6.1.Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais. | Recoñece os problemas que orixinan os prexuízos sociais | CSC CSIEE | P: Análise das producións do alumnado. I: Traballos escritos. | 1% |
| | | | | VSCB2.6.2.Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo. | Idem | CCL CSC CCEC | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB2.6.3.Detecta e axuíza criticamente prexuízos sociais detectados no seu contorno próximo expresando as conclusións en traballos creativos. | Detecta prexuízos sociais no seu contorno próximo | CCL CCEC CSC CD CAA | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |

BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

| Temporalización | Obx | Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Grao mínimo | Competencias Clave | Procedemento/instrumento avaliación | % |
|---------------------|--------|--|---|--|-------------|--------------------|---|----|
| Todos os trimestres | b m | B3.1. Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro | B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e | VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración. | Idem | CSC CSIEE | P: Observación. I: Rúbrica traballo equipo. Traballos escritos. | 2% |

| | | | | | | | | |
|---------------------|--------|--|--|--|---|---------------------|--|----|
| | | escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas. B3.2.Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión. | sentimentos. | VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula. | Mantén unha actitude aberta | CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica traballo equipo. Anecdótico | 1% |
| Todos os trimestres | b | B3.3. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. B3.4. Estructuras e técnicas da aprendizaxe cooperativa. | B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias. | VSCB3.2.1. A moso boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. | Idem | CAA CSIEE CSC | P: Observación I: Rúbrica traballo equipo. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais. | Idem | CAA CSIEE CSC | P: Observación I: Rúbrica traballo equipo. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. | Idem | CSC | P: Observación I: Rúbrica traballo equipo. Anecdótico | 2% |
| | | | | VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva. | Idem | CSC CSIEE CAA | P: Observación I: Anecdótico | 1% |
| 2º trimestre | a | B3.5. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. | B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais. | VSCB3.3.1.Explica o concepto de norma. | Idem | CCL CSC | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.3.2. Infíre a necesidade das normas da súa comunidade educativa | Idem | CAA CSC | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.3.3. Participa na elaboración das normas do colexio. | Participa na elaboración das normas da aula | CCL CSC CSIEE | P: Análise producións I: Rúbrica traballo equipo. Rúbrica producións Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar. | Idem | CSCP | P: Observación I: Anecdótico | 2% |
| Todos os trimestres | c m | B3.6. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, | B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o | VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo. | Resolve conflitos pacificamente | CSC CSIEE | P: Observación I: Anecdótico | 2% |
| | | | | VSCB3.4.2. Sigue as fases da mediación en | Idem | CSC | P: Observación | 1% |

| | | | | | | | | |
|---------------------|--------|--|--|---|--|---------------------|--|----|
| | | intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade. | conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. | situacións reais e simulacións. | | CSIEEP | I: Anecdótico | |
| | | | | VSCB3.4.3. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais. | Manexa a linguaxe positiva na comunicación e nos pensamentos | CCL CSC | P: Intercambios orais. I: Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.4.4. Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito. | Idem | CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Anecdótico | 1% |
| Todos os trimestres | d m | B3.7. O altruísmo. A responsabilidade social e a xustiza social. Identificación e análise crítico das causas que provocan situación de marxinação, de discriminación e de inxustiza social. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas. | B3.5. Practicar o altruísmo no contorno próximo sensibilizando sobre o seu valor. | VSCB3.5.1. É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos. | Idem | CCL CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.5.2. Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa. | Colabora en causas altruístas no grupo aula | CSC CSIEE | P: Observación I: Anecdótico | 1% |
| Todos os trimestres | a m | B3.8. Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato. Exclusión de minorías étnicas, os campos de concentración, o holocausto. Os dereitos e deberes do alumnado. | B3.6. Crear un sistema de valores asumindo os dereitos e deberes do alumnado, realizando xuízos morais de situacións escolares e resolvendo dilemas morais con supostos prácticos. | VSCB3.6.1. Realiza xuízos morais de situacións escolares. | Idem | CSC CSIEEP | P: Intercambios orais. I: Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.6.2. Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas. | Idem | CSC CSIEE | P: Intercambios orais. ná Alise producións I: Rúbrica producións Anecdótico | 1% |
| 3º trimestre | d o | B3.9. Conceptualización do dilema moral. Resolución de dilemas morais. | B3.7. Comprender o que é un dilema moral e resolver dilemas morais para detectar prexuízos relativos ás diferenzas culturais. | VSCB3.7.1. Expresa o que é un dilema moral. | Idem | CSC CCL | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.7.2. Realiza xuízos morais. | Idem | CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.7.3. Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas. | Analiza e resolve dilemas morais en situacións simuladas | CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 2% |
| | | | | VSCB3.7.4. Resolve dilemas morais en relación a prexuízos relativos ás diferenzas culturais. | Idem | CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| 2º Trimestre | a | B3.10. Convivencia pacífica en | B3.8. Comprender a declaración da | VSCB3.8.1. Analiza formas de discriminación: | Idem | CSC | P: Análise producións | 1% |

| | | | | | | | | |
|---------------------|--------|--|---|---|--|---------------------|--|----|
| | d o | sociedade e valores nos que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura de paz. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais. B3.11. Formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades. B3.12. Feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade. Análise destes feitos. | igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social. | racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades... | | CSIEE | I: Rúbrica traballo Investigación/ exposición | |
| | | | | VSCB3.8.2. Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade. | Idem | CSC CSIEE | P: Análise producións I: Rúbrica traballo Investigación/ exposición | 1% |
| | | | | VSCB3.8.3. Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar. | Detecta prexuízos e conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar | CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| 1º Trimestre | d a | B3.13. Dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e de opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. B3.14. Sensibilidade e respecto polos costumes, valores morais e modos de vida distintos aos propios. | B3.9. Expresar a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión realizando traballos de análise e síntese. | VSCB3.9.1. Valora e respecta a libre expresión. | Idem | CSC | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 2% |
| | | | | VSCB3.9.2. Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias. | Comprende e acepta opinións diferentes as propias | CSC | P: Intercambios orais. I: Rúbrica traballo equipo. Anecdótico | 2% |
| | | | | VSCB3.9.3. Relaciona diferentes culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas. | Idem | CSC CSIEE | P: Análise producións I: Rúbrica traballo Investigación/ exposición | 1% |
| | | | | VSCB3.9.4. Analiza, reflexiona e expresa conclusións sobre os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. | Analiza e reflexiona sobre os dereitos de libre expresión e opinión | CSC CSIEE CCL | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| Todos os trimestres | d m | B3.15. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá. | B3.10. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres. | VSCB3.10.1. Axuiza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres. | Analiza actitudes de falta de respecto | CSC CSIEE | P: Análise producións I: Rúbrica traballo Investigación/ exposición | 1% |
| 1º Trimestre. | a | B3.16 Os valores sociais e a | B3.11. Respetar os valores | VSCB3.11.1. Axuiza criticamente os valores | Comprende os | CSC | P: Intercambios orais. | 1% |

| | | | | | | | | |
|---------------|-------------|--|---|---|--|-----------------------------------|--|----|
| | | democracia. Os principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española. Dereitos e deberes. Características que debe posuír unha sociedade democrática. | socialmente recoñecidos, coñecendo e apreciando os valores do Estatuto de autonomía e da Constitución española e os dereitos e deberes do Estatuto de autonomía e da Constitución española. Coñecer as institucións, organizacións e servizos públicos que garanten os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás no seu contorno. | implícitos en diversas situacións, de acordo cos que constitúen a vida en común nunha sociedade democrática. | valores implícitos que constitúen a vida en común | CSIEE | I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | |
| | | | | VSCB3.11.2. Razona a contribución de diferentes institucións, organizacións e servizos públicos en relación á garantía dos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás. | Idem | CSC CCL | P: Análise producións I: Rúbrica traballo Investigación/ exposición | 1% |
| 1º Trimestre. | a o | B3.17. Principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española. | B3.12. Crear un sistema de valores propios realizando xuízos morais baseados nos dereitos e deberes básicos do Estatuto de autonomía e da Constitución española. | VSCB3.12.1. Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución española. | Coñece deberes básicos da Constitución española | CSC CCL | P: Análise producións alumnado. I: Traballo Investigación/ exposición | 1% |
| | | | | VSCB3.12.2. Realiza xuízos morais sinxelos fundamentados. | Idem | CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.12.3. Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás. | Idem | CSC CSIEE | P: Observación I: Anecdótico | 1% |
| 3º Trimestre. | a e | B3.18. Os servizos públicos e bens comúns. Defensa, identificación, aprecio, respecto e coidado dos bens comúns e dos servizos públicos: contribución da cidadanía a través dos impostos. A responsabilidade social. A xustiza social. | B3.13. Comprender a importancia da contribución dos cidadáns e cidadás aos servizos públicos e aos bens comúns a través dos impostos realizando razoamentos críticos. | VSCB3.13.1. Comprende, valora e expón por escrito o deber da contribución cidadá ao ben da sociedade. | Comprende o deber da contribución cidadá ao ben da sociedade | CSC CCL CSIEE | P: Análise producións alumnado. I: Traballo Investigación/ exposición | 1% |
| | | | | VSCB3.13.2. Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns e cidadás. | Comprende a función dos impostos na vida dos cidadáns | CSC CCL | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.13.3. Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos. | Idem | CSC CCEC CD CCL CSIEE | P: Análise producións I: Rúbrica traballo Investigación/ exposición | 1% |
| 3º Trimestre. | h g o | B3.19 Fontes de enerxía renovables e non renovables. Identificación das actitudes e estratexias individuais e colectivas de consumo enerxético responsable. B3.20. Rutinas individuais para mellorar a calidade de vida. | B3.14. Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta concienciándose do respecto ao contorno e desenvolvendo a capacidade crítica cara aos acontecementos que o modifican. | VSCB3.14.1. Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía. | Idem | CSC CCL CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.14.2. Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía. | Idem | CSC CAA | P: Análise producións I: Rúbrica traballo Investigación/ | 2% |

| | | | | | | | | |
|------------------|--------|--|--|---|--|-----------------------------|---|----|
| | | Reflexión sobre as posibilidades de cambio. B3.21. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar e elaborar a información e presentar conclusións B3.22. Realización e interpretación de gráficos sinxelos. | | | | | exposición | |
| | | | | VSCB3.14.3. Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida. | Idem | CCL CSC CAA CSIEE | P: Análise producións I: Rúbrica traballo Investigación/ exposición | 2% |
| | | | | VSCB3.14.4. Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes. | Idem | CSC CD CMCT CCEC | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 2% |
| 3º Trimestre. | k | B3.23. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico. B3.24. Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade B3.25. Os primeiros auxilios | B3.15 . Ser capaz de realizar primeiros auxilios e tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos. | VSCB3.15.1. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida. | Idem | CCL CAA CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 2% |
| | | | | VSCB3.15.2. Coñece as prácticas de primeiros auxilios. | Idem | CSC CSIEE | P: Análise producións I: Rúbrica traballo Investigación/ exposición | 1% |
| Todos Trimestre. | a i | B3.26. Condutas responsables no uso das TIC: autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético. Análise da realidade e dos contidos que se presentan no contorno dixital para desenvolver a capacidade crítica. | B3.16. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros. | VSCB3.16.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías. | Idem | CD CSC | P: Observación I: Anecdótico | 1% |
| | | | | VSCB3.16.2. Analiza e enxuíza criticamente os contidos do contorno dixital. | Analiza os contidos do contorno dixital | CCL CAA CSC | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |
| 3º Trimestre. | i | B3.27. O consumo responsable. Identificación de actitudes e estratexias persoais e colectivas de consumo responsable B3.28. A publicidade e as súas técnicas. Influencia nos hábitos de consumo. B3.29. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar e elaborar a información e presentar conclusións. | B3.17. Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo empregando as novas tecnoloxías. | VSCB3.17.1. Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario. | Idem | CD CSC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 2% |
| | | | | VSCB3.17.2. Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos. | Reflexiona sobre a influencia da publicidade | CSC CCEC CD | P: Análise producións I: Rúbrica traballo Investigación/ exposición | 1% |
| | | | | VSCB3.17.3. Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo innecesario. | Idem | CSC CCL CCEC CSIEE | P: Intercambios orais. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |

| | | | | | | | | |
|---------------|---|--|--|---|---|---------------------|--|----|
| 3º Trimestre. | n | B3.30. Busca, selección, análise e elaboración de informacións en relación cos accidentes de tráfico. B3.31. Comunicación da información elaborada por diferentes medios B3.32. Identificación de actitudes e estratexias individuais e colectivas de prevención de riscos viarios | B3.18. Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xerando iniciativas e alternativas persoais. | VSCB3.18.1. Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación. | Expón proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico | CSC CSIEE CAA | P: Análise producións I: Rúbrica traballo Investigación/ exposición | 1% |
| | | | | VSCB3.18.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións. | Idem | CSC CCL | P: Intercambios orais co alumnado. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 2% |
| | | | | VSCB3.18.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico. | Idem | CSC CCL CSIEE | P: Intercambios orais co alumnado. I: Rúbrica exp oral. Anecdótico | 1% |

| TEMPORALIZACIÓN | |
|-----------------|--|
| 1º TRIMESTRE | Sei como son e teño o control. Tomo as miñas decisións. A Violencia de Xénero. Os Dereitos da Infancia. As Persoas con Discapacidade. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos. |
| 2º TRIMESTRE | Falamos A Paz e a non violencia Son unha persoa xusta Día Internacional da Muller. Dereitos do Consumidor. |
| 3º TRIMESTRE | Resolvemos conflitos Un bo cidadán |

Contribución da materia á adquisición das competencias



PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

Farase un plan de reforzo e recuperación ao alumando con materias suspensas do curso anterior.

Para garantir un proceso de ensino-aprendizaxe acorde ao grado de competencia, establécense os seguintes plans de reforzo e recuperación para o alumnado con materias suspensas do curso anterior:

- Hai dous plans de reforzo e recuperación en 6ºA nas materias de LC, LG, matemáticas, Ciencias Naturais e Sociais, Artística e Inglés.
- Hai seis plans de reforzo e recuperación en 6º B nas materias de Lingua Castelá, Lingua Galega, matemáticas, inglés, Ciencias Sociais e Educación Artística.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.

A programación ofrece tamén orientacións sobre como adaptar o currículo, de maneira que se adapte ao novo escenario e recolla as consecuencias que puideron derivarse da situación de confinamento, incluíndo a dimensión emocional, a competencia dixital ou as medidas de seguridade e hixiene.

Con todo, as programacións didácticas establecerán as medidas metodolóxicas e organizativas, sempre dende o principio de inclusión, que favorezan o desenvolvemento do alumnado. Con carácter xeral, teranse en conta os seguintes principios metodolóxicas, entre outros:

- O prantexamento de tarefas e actividades abertas para o desenvolvemento do pensamento eficaz, crítico e creativo. Ensinar a pensar.
- As actividades de investigación, a aprendizaxe por proxectos de traballo e as tarefas competenciais.
- O desenvolvemento interdisciplinar das programacións de distintas materias que faciliten a interrelación das aprendizaxes.
- A utilización de métodos e tarefas globalizados, como son os centros de interese, os proxectos, as tarefas competenciais ou a aprendizaxe baseada en retos.
- O uso das tecnoloxías como recurso didáctico.
- A aplicación da gamificación que favoreza a motivación e a aprendizaxe.
- A realización das actividades de aprendizaxe con relación ao entorno social e natural.
- O desenvolvemento de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa.

Metodoloxía na educación presencial

O alumnado de 6º participa no proxecto Edixgal polo que todo o material se presenta aos alumnos de xeito dixital.

As distintas actividades que se levarán a cabo no Centro formarán parte e influirán na programación diaria contribuindo así ao desenvolvemento das competencias clave.

A *axenda escolar* pretende ser unha ferramenta que axude ao alumno e á alumna a planificar o traballo e adquirir maior responsabilidade e autonomía.

Complementariamente cos procesos formativos propios da metodoloxía E-Dixgal, que implican coñecementos ligados ao campo da ofimática, cunha visión de atención a diversidade que parte dos protocolos proporcionados pola Consellería de Educación. Deste xeito, empregaranse as seguintes estratexias:

- Normas de convivencia elaboradas na aula.
- Adaptar o currículo ás capacidades, ao estilo de aprendizaxe e ás necesidades do alumnado.
- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.
- Potenciar as intelixencias múltiples, destacando aqueles aspectos que destacan por ser puntos forte do alumno/a.
- Potenciarase de carácter xeral o desenvolvemento dos procesos psicolóxicos básicos de organización, xestión e planificación.
- Evitar avaliar sempre negativamente e proxectar expectativas de éxito.
- Proporcionar estratexias de memorización.
- Ensinar estratexias diferentes para un mesmo problema, co fin de aprender a xeneralizar.

A dinámica de traballo atóparase presidida polo emprego de reforzos positivos ao alumnado, destacando aqueles aspectos que amósanse como puntos fortes. Ao mesmo tempo potenciarase aspectos propios das metodoloxías activas como é o caso da autoavaliación reforzada ou a autorreflexión.

Os principais materiais e recursos a empregar, ademais de aqueles que sexan axeitados e propicien o mellor desenvolvemento de cada unidade didáctica, son os seguintes:

Recursos do proxecto E-Dixgal

Materiais convencionais

- Materiais impresos e fotocopiados: libros de lectura...
- Cadernos de traballo raiado e con cuadrícula.
- Material funxible: lapis, goma, rotuladores, ceras...
- Estoxo, tesoiras, regra.

Materiais das TICS e audiovisuais

- Cámara de fotos
- Música
- Montaxes audivisuais
- Programas informáticos
- Páxinas web, webquest, unidades didácticas online...

O alumnado e profesorado de 6º ten asignado o seu equipo Edixgal e está dado de alta na plataforma. Nos primeiros días de clase darase ao alumnado o seu usuario e contrasinal. As familias asinarán o documento de cesión e, se o consideran, farán o seguro.

Creouse un curso, dentro de Edixgal, no que se suben os manuais para que o alumnado poida consultar en caso de dúbida: Activar avisos e mensaxería, subir unha tarefa, converter en PDF ...

Metodoloxía na educación presencial para preparase no caso de pasar a educación non presencial:

- O profesorado porá en aberto o tema a traballar e marcará as actividades a realizar das diferentes materias.
- Iniciarase ao alumnado no uso das ferramentas básicas do portátil (editor de textos, presentacións, vídeos, editor de imaxes...)
- Proporanse actividades como: traballos escritos (a man e co editor de textos), presentacións, vídeos... Os traballos realizados co portátil deberán entregarse como tarefa no Eva Edixgal
- Realizaranse cuestionarios en Edixgal sobre os temas traballados.
- Utilizaranse actividades dixitais interactivas e de reforzo de diferentes repositorios.
- Utilizaranse vídeos relacionados cos temas a traballar (documentais, cancións, tutoriais...)
- Realizaranse tarefas mixtas (parte na aula e parte na casa) para familiarizarse co modo de traballo no caso de pasar a unha educación non presencial

Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial.

Todo o alumando de 6º ten equipo Edixgal e conexión a Internet.

No caso de pasar a unha educación non presencial todo o alumnado levará o equipo E-dixgal á casa.

- O alumando descargará os temas en offline antes de iniciar a educación non presencial.
- Cada mañá se porán en aberto as actividades a realizar.
- Estará aberto o foro e a mensaxería para solucionar as dúbidas.
- Unha vez que o alumnado realice a tarefa de texto a enviará en PDF para a súa corrección.

- O profesorado devolverá a tarefa corrixida coas anotacións que estime oportuno, ou recomendando un novo envío da tarefa.
- Utilizarase o calendario para marcar as entregas de traballos de investigación.
- Realizaremos videoconferencias grupais ou individuais segundo as necesidades.

Comunicación co alumnado durante a actividade lectiva non presencial/semipresencial:

- Utilizaremos a mensaxería Edixgal para comunicarnos co alumnado.
- Tamén se utilizarán os foros para solucionar dúbidas.
- Realizaremos videoconferencias.
- As tarefas realizadas, unha vez corrixidas, serán devoltas ao alumnado coas anotacións pertinentes.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os procedementos de avaliación que utilizaremos serán os seguintes:

- Proba da avaliación inicial.
- Observación directa.
- Elemento de diagnóstico: rúbricas
- Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.
- Avaliación por competencias.
- Debates e intervencións.
- Proxectos persoais e grupais.
- Elaboracións multimedia.
- Traballos.
- Exposicións.
- Aprendizaxe cooperativa.
- Seguimento da avaliación continua no rexistro.

Criterios sobre a avaliación e cualificación

Para a obtención da nota da materia, teremos en conta a seguinte táboa, na que se reflicten as porcentaxes, dando a relación numérica de 100% coma un 10 de nota numérica.

Para as materias de L. Galega, L. Castelán, C. da Natureza e C. Sociais:

| Procedemento | Instrumento | Porcentaxe |
|-------------------------|-----------------|------------|
| Observación Sistemática | Rúbricas | 20 % |
| | Diario de Clase | 10 % |
| Análise das producións | Investigación | 10 % |
| Probas específicas | Proba Aberta | 60 % |

Para a materia de Matemáticas:

| Procedemento | Instrumento | Porcentaxe |
|-------------------------|--|------------|
| Observación Sistemática | Rúbrica | 20 % |
| | Diario de Clase | 10 % |
| Análise das producións | Traballo de Aplicación e Síntese | 10 % |
| Probas específicas | Resolución de Exercicios e Problemas Proba Aberta | 60 % |

Para a materia de Valores:

| Procedemento | Instrumento | Porcentaxe |
|-------------------------|-----------------|------------|
| Observación Sistemática | Rúbrica | 30 % |
| | Diario de Clase | 20 % |
| Análise das producións | Producións | 50 % |

Nota: Educación artística, educación física, relixión e Inglés está recollido nas súas programacións.

Cálculo da nota da avaliación ordinaria.

A avaliación será continua nas materias de: Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Educación Física.

En Ciencias Sociais e Ciencias Naturais. Utilizaremos a seguinte fórmula para calcular a nota da avaliación final: $(1^{\text{a}} \text{ avaliación} + 2^{\text{a}} \text{ avaliación} \times 2 + 3^{\text{a}} \text{ avaliación} \times 3) / 6$

Criterios para avaliar as Competencias Clave

Cada área aporta, en distinto grao, ás competencias, polo que existe unha relación entre nota da área e a achega porcentual á competencia.

Desta relación, obviamente se establece que o cálculo da nota para cada unha das competencias sae da suma das achegas porcentuais de cada nota de área.

Criterios sobre a promoción

O alumnado promocionará sempre que acade o desenvolvemento das competencias clave e un axeitado grao de madurez. Tamén accederá ao nivel/etapa seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente as novas aprendizaxes.

Se non acada as competencias claves nin o grao de madurez axeitado á súa idade permanecerá un ano máis no nivel/etapa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Cando un alumno ou unha alumna non promocione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

Deseño avaliación inicial

Ao comezo o curso escolar, realizarase unha reunión de traspaso de información entre o/a titor/a do curso anterior e o titor/a que terá o alumnado ese curso.

Consultaranse os informes individualizados elaborados ao finalizar o curso anterior.

Durante as primeiras semanas do curso escolar, levaranse a cabo as probas de avaliación inicial que consistirán en probas escritas e orais. Serán as mesma para todo o alumnado do curso, independentemente do grupo ao que estean adscritos. Terán como finalidade obter información sobre o grao de desenvolvemento das competencias e adecuar as ensinanzas ao alumnado, facilitando así a progresión no seu proceso de aprendizaxe. Tamén, a través da observación sistemática, valorarase as diferentes intervencións do alumnado ante o plantexamento de diferentes preguntas de maneira oral. Ademais realizaranse actividades de repaso dos contidos do curso anterior.

De ter que tomar algunha medida con algún alumno/a, comezariamos por unha atención máis personalizada na aula para a realización das actividades propostas. Se esta no fose suficiente, reuniríamos co Departamento de Orientación que diría cal é a mellor medida a tomar (adaptación das actividades da programación, atención individualizada dentro e fóra da aula para a realización das actividades adaptadas...).

Para o alumnado con materias suspensas do curso anterior realizarase un Plan de Reforzo de materias Suspensas (PRS) acorde aos resultados obtidos na avaliación inicial e ao informe do titor/ra do curso pasado.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Co obxectivo de atender a diversidade do alumnado, e, polo tanto, de dar resposta a unha realidade social que presenta o noso centro educativo, respectando a singularidade biolóxica, social e psicolóxica do alumnado, destácase:

- Alumnado con diagnóstico de TDAH.
 - Alumnado con problemas de conduta. Falta de respecto ás normas, problemas de habilidades sociais, impulsividade e agresividade ante os conflitos etc.
 - Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, dificultades na atención e situacións persoais e de historial escolar concretas.
 - Alumnado con diagnóstico de TEA
 - Alumnado con dificultades nas interaccións sociais e no ámbito socioemocional.
- Ademais de seguir en liñas xerais as indicacións proporcionadas polos protocolos da Consellería de Educación, atendendo especialmente ao de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA), o protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da linguaxe, e ao Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario; remárcanse as seguintes medidas:
- Fomentar a participación de todo o alumnado no grupo, axudando a mellorar a autoestima.
 - Utilizar actividades en gran grupo para mellorar o clima e a relación do alumnado dentro da aula.
 - Estableceranse reunións cos mestres especialistas do Departamento de Orientación, os mestres especialistas de área e o titor/a.
 - Potenciar o uso de técnicas e estratexias que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión.

Especialmente co alumnado con TEA e características compatibles:

- A oferta dun ambiente estruturado, predicible e fixo, onde o neno ou a nena saiba en todo momento o que vai acontecer.
- Coñecer as estratexias comunicativas que utiliza, os aspectos que se queren traballar e as axudas que precisa, tratando de potenciar ao máximo a autonomía persoal.
- Promocionar valores de convivencia, comprensión e respecto polas diferenzas e colaboración no grupo/clase.
- Axuda permanente por parte do profesorado titor na organización, así como na organización da axenda e dos materiais que precise para cada tarefa, sempre en colaboración coa familia.

- Utilización de esquemas e mapas conceptuais como apoio ás explicacións, resaltando o relevante.

Especialmente co alumnado con TDAH e con características compatibles:

- Antes de iniciar unha actividade, comprobarase que o alumno/a entendeu todo.
- Utilizaremos reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Reduciremos e fragmentaremos as actividades.
- Utilizarase estímulos visuais e modificaremos o ritmo da exposición, coas debidas pausas.
- Estableceranse exames escritos que sexan curtos e con preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Pactaremos a fórmula máis idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador).
- Deixarase máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso poderán ser divididas en dúas sesións.
- Deixaremos suficiente espazo entre as preguntas, e supervisaremos a súa comprensión e execución.

Especialmente para o alumnado con dislexia e dificultades específicas de aprendizaxe (DEA):

- Estableceranse materiais e estratexias adaptadas a diversidade do alumnado.
- Fomentarase aprendizaxes da vida real.
- Prestarase atención permanente o ámbito socioemocional do alumnado.
- Identificaranse as fortalezas para empregarlas de cara a mellora das competencias do alumnado.
- Valorarase as diferenzas individuais.
- Fomentar a adquisición e uso de ferramentas de autocontrol e relaxación.
- Fomento da auto-responsabilidade na vida diaria con coñecemento e uso de rutinas.
- Presentarase por escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada parte.
- Potenciar a utilización de técnicas de traballo cooperativo, para conseguir a participación de todo o alumnado.
- Utilizar recursos variados que sexan adecuados para todo o alumnado da aula.

Detectar cales son as ideas previas do alumnado antes de iniciar unha nova unidade didáctica.

Empregaranse:

- Fichas de comprensión lectora.
- Fichas de reforzo.
- Organización do aprendido en mapas conceptuais.
- Organización do aprendido en mapas conceptuais.
- Estratexias de organización do pensamento (autoinstrucións e modelado).

- Apoio na aula e fóra dela do alumnado que o precise.
- Actividades de reforzo e repaso das unidades a través de Kahoot.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO

O tratamento transversal da educación en valores pódese resumir na etapa de primaria en dous tipos de valores:

1. Referidos a valores sociais que configuran o sistema educativo dándolle unha dimensión ética, e que todos debemos coñecer e respectar, baseados nos valores, liberdades e dereitos constitucionais e nos dereitos humanos: igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, tolerancia, solidariedade, xustiza, equidade. Son importantes porque sustentan a práctica da cidadanía democrática.
2. Valores de tipo individual que hai que desenvolver nos/as alumnos/as, liberdade e responsabilidade persoal, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade, espírito emprendedor, vida saudable (hixiene, dieta, actividade deportiva), educación viaria, desenvolvemento sostible e medio ambiente, riscos derivados do uso das TIC,...

Os elementos transversais, presentes en todas as áreas, están compostos por coñecementos, destrezas e sobre todo actitudes, polo que serán traballados a través da propia experiencia do alumnado que fan dos valores que intentamos transmitir e dos resultados e consecuencias que obteñen de dita experiencia.

O profesorado terá en conta en toda a actuación educativa estes elementos transversais: á hora de organizar a aula, de seleccionar lecturas e materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar aos alumnos/as, de seleccionar estratexias que permitan a colaboración, o protagonismo do alumnado.

Algunhas das estratexias que levaremos a cabo na aula serán: asembleas, diálogos e xogos de rol playing, adestramento en habilidades sociais, dinámicas de grupo, análise de situacións con valores en conflito, mediación na resolución de conflitos, visionado e análise de vídeos seleccionados para traballar valores...

Desde o centro, o tratamento transversal dos valores, está integrado en diferentes plans, programas e proxectos como son:

a) EDIXGAL

O curso de 6º de primaria forma parte do proxecto EDIXGAL polo que desenvolverán a súa actividade educativa diaria nun entorno virtual de aprendizaxe (plataforma EVA) que lles vai permitir acceder a contidos dixitais.

Os docentes poderán seleccionar a través da plataforma dixital os contidos formativos e poderán incorporar os materiais complementarios que desexen, así como contidos de elaboración propia.

Os obxectivos que se pretende que acade o alumnado son os seguintes:

- Realizar as aprendizaxes na aula utilizando o entorno virtual de aprendizaxe.
- Contribuír ao proceso de alfabetización dixital: crear presentacións, realizar traballos co procesador de texto, con imaxes, utilizar Internet para a procura de información...
- Adquirir estratexias na busca de información co fin de obter aprendizaxes significativas.
- Desenvolver o sentido crítico con respecto ás distintas informacións ás que se accede.
- Realizar traballos cooperativos.
- Adquirir novas estratexias para expoñer os coñecementos co fin de que sexa máis motivador, tanto para o que expón como para o que recibe a información.

Para conseguir estes obxectivos utilizaremos:

- O EDI
- Os ordenadores Edixgal do alumnado.
- Todo o material da plataforma EVA.
- A páxina web e a Aula Virtual do Centro .
- CiscowebeX.

b) PROXECTO LINGÜÍSTICO

Os obxectivos principais do proxecto lingüístico para o fomento da lingua galega baséanse en:

- Adquirir de forma oral e escrita a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso.
- Erradicar o emprego sexista da lingua galega e castelá en todos os ámbitos.

Participaremos nas actividades propostas polo Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega para desenvolver o Plan de Fomento do uso do galego. Entre as actividades destacamos:

- Obras teatrais.
- Sesións de contacontos.
- Concursos literarios.
- Charlas, roteiros...

| Planing de actividades * | 1º trimestre | 2º trimestre | 3º trimestre |
|---------------------------------|---------------------|---------------------|---------------------|
| Magosto | X | | |
| Samaín | X | | |
| PDI O Camiño de Santiago | X | X | X |
| O Entroido | | X | |
| O horto escolar | X | X | X |
| Semana da Prensa | | X | |
| Salón do Libro | | X | |
| Día do Libro | | | X |
| Semana das Letras Galegas | | | X |

* Este ano as actividades realizaranse a nivel aula para evitar o contacto con outros grupos.

c) PROXECTO LECTOR

Traballarase en conxunto con Normalización Lingüística “O Camiño de Santiago”.

Obxectivos

- Desenvolver estratexias de busca e selección da información.
- Coñecer as características de distintos tipos de texto e formatos.
- Empregar as TIC para obter información.
- Desenvolver a expresión oral e escrita.

Actividades a realizar:

- Lecturas recomendadas para cada unidade.
- Préstamo de libros para casa.
- Lectura colectiva de distintos tipos de texto.
- Ademais das lecturas recomendadas para cada unidade, recomendaranse outras que estean na Biblioteca do Centro.
- Todas as actividades previstas polo equipo de dinamización de la biblioteca (poñer voz a contos, vídeos, presentacións...)

O alumnado, despois do recreo, adican todos os días unha sesión de vinte minutos a ler na aula. As dinámicas a levar a cabo nesta hora de ler son:

- Lectura dos libros: “Matilda”, “Charlie y la fábrica de chocolate”, “Formigas: Misión Camiño de Santiago”, en Nadal pedirase un libro para ler os tres cursos coa posible visita do autor.
- Elaboración de traballos sobre os libros lidos.
- Lectura de prensa.
- Técnicas de estudo e comprensión lectora.

Para seguir fomentando o uso da biblioteca, o alumnado de 6º contará cunha sesión semanal na mesma para realizar actividades relacionadas coa busca, consulta e selección de información nas investigacións dos distintos proxectos de centro e de aula.

c) PLAN FOMENTO HÁBITOS VIDA SAUDABLES.

| Actividade | Data |
|---|----------------------|
| Martes da froita: anotarase nun cadro o alumando que consume froita. | Todo o ano |
| Participación en sesións prácticas de diferentes disciplinas realizadas por deportistas que as practican para animar ao alumnado a realizar estes deportes. | Todo o ano |
| Realización de quecementos antes da actividade física para evitar lesións. Aseo e cambio de camiseta e calcetíns. Este curso non se realizará a ducha debido á situación creada pola covid 19 | Todo o ano |
| Aseo e cambio de camiseta e calcetíns. Este curso non se realizará a ducha debido á situación creada pola covid 19 | Todo o ano |
| Recomendacións ás familias nas reunións conxuntas de titoría sobre hábitos de sono, hixiene, uso de crema solar, hixiene postural. | Reunións trimestrais |
| Participación en DAFIS. | Todo o ano |

d) PLAN PROXECTA:

Solicitamos a participación nos seguintes programas:

“Aliméntate ben”, “Meteoescolas”, “Aprendo programando”.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

| Conmemoracións | Data prevista |
|--|------------------------------------|
| Día Universal da Infancia. | 20 de novembro |
| Día Internacional contra a Violencia de Xénero. | 25 de novembro |
| Día Internacional das Persoas con Discapacidade. | 3 de decembro |
| Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. | Do 30 de novembro ao 7 de decembro |
| Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos | 10 de decembro |
| Día Internacional da Educación | 24 de xaneiro |
| Día Escolar da non Violencia e da Paz. | 30 de xaneiro |
| Día de Rosalía de Castro. | 24 de febreiro |
| Día Internacional da Muller. | 8 de marzo |
| Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. | 15 de marzo |
| Semana da Prensa. Nesta semana traballarase na aula con xornais. | Do 7 ao 11 de marzo |

| | |
|---|----------------------|
| Día Mundial da Saúde. | 7 de abril |
| Semana do Libro. | Do 18 ao 22 de abril |
| Día Internacional contra o Acoso Escolar. | 2 de maio |
| Día de Europa. | 9 de maio |
| Semana das Letras Galegas | Do 16 ao 20 de maio |
| Día mundial do Medio Ambiente. | 5 de xuño |
| Día pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. | Mes de xuño |

| Celebracións | Data prevista |
|-------------------------|---|
| *Faranse na aula | |
| Samaín/Halloween | 29 outubro |
| Magosto | Mes de outubro |
| Nadal | 21 decembro |
| Entroido | 25 de febreiro. |
| Letras Galegas | Semana das Letras Galegas |
| Festival | Se a situación epidemiolóxica o permite |
| Festa fin de curso | 22 xuño |

| Saídas e actividades * Sempre que a situación sanitaria o permita | Data prevista |
|--|----------------------|
| Charla plan Director (acoso escolar) | 2º trimestre |
| Charla navega con Rumbo (uso das TIC) | Sen determinar |
| Visita aos Museos Científicos da Coruña | 2º trimestre |
| Visita a Santiago (Parlamento, Xunta e Catedral) | Sen determinar |
| Saídas para observación da contorna (illa esculturas, o río Lérez...) | Todo o curso |
| Sesións contacontos, encontros con escritores... | Todo o ano |
| Saídas ao teatro A Banca/ Pazo Cultura | Todo o curso |
| Actividades ofertadas: Concello/Deputación/ Biblioteca pública ... | Todo o curso |

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos na programación, introducíndose as medidas correctoras oportunas.

O obxectivo desta avaliación será a de analizar cunha periodicidade trimestral a adecuación da programación á realidade do curso e deseñar as modificacións pertinentes cara ao vindeiro curso.

O proceso a seguir será o seguinte:

- Análise e avaliación nas reunións, unha vez ao trimestre, do profesorado de 6º de primaria.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria Final de curso reflectindo os logros e dificultades atopadas, así coma os aspectos que incidiron positiva ou negativamente no desenvolvemento da programación.

Algúns dos instrumentos que utilizaremos serán: cuestionarios, entrevistas, observación directa, análise de tarefas, etc.

En relación a programación:

Con respecto ao **contexto**:

| | SI | NON |
|---|----|-----|
| As estratexias establecidas para informar a comunidade educativa deron o resultado esperado e houbo unha boa participación por parte desta. | | |
| Os recursos existentes do medio e apoios externos foron funcionais nas estratexias de coordinación establecidas. | | |
| A coordinación coa familia contou cunha boa colaboración desta última. | | |
| A coordinación coas administracións locais e apoios externos permitiu conseguir as finalidades propostas. | | |
| A comunidade educativa participou activamente en festas e talleres establecidos durante o curso escolar. | | |

Con respecto ao **Centro**:

| | SI | NON |
|---|----|-----|
| Os aspectos establecidos nos documentos organizativos aseguraron a integración e desenvolvemento dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo. | | |
| A información transmitida a titores e profesores foi a axeitada e serviu para que o seu traballo cos alumnos fose individualizado e adecuado ás súas necesidades específicas. | | |
| As vías de coordinación establecidas, a nivel interno, permitiron a posta en práctica das medidas de atención á diversidade. | | |
| Os recursos do centro apoiaron a formación do profesorado no seu traballo respecto aos alumnos con necesidades específicas. | | |
| A organización dos tempos permitiu o apoio aos alumnos nunha situación o máis | | |

| | | |
|---|--|--|
| normalizada posible. | | |
| A información obtida, a nivel da acción tutorial, foi suficiente para atender ás necesidades dos alumnos. | | |
| O proceso de avaliación permitiu valorar de xeito obxectivo o proceso de ensino e de aprendizaxe. | | |

| Con respecto aos alumnado : | SI | NON |
|--|----|-----|
| Adquiriron un coñecemento axeitado das necesidades dos seus compañeiros. | | |
| As actividades programadas a nivel de centro favoreceron o desenvolvemento nos alumnos de habilidades e actitudes axustadas. | | |
| Os alumnos utilizaron funcionalmente o material establecido máis especificamente para eles. | | |
| Mostran interese e curiosidade nas actividades que se lles formulan | | |
| Manifestan habilidades no uso das TIC | | |

Ao remate de cada trimestre haberá unha posta en común de todos os compoñentes do nivel para avaliar a través deste CUESTIONARIO a programación.

| CRITERIOS | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| Os obxectivos corresponden ao currículo de 6º de primaria. | | | | |
| Adecuación dos obxectivos ás características do alumnado. | | | | |
| Contribución da materia ás competencias básicas. | | | | |
| A selección de contidos da área está de acordo co desenvolvemento evolutivo do alumnado. | | | | |
| Os criterios de avaliación correspóndense cos obxectivos. | | | | |
| Os procedementos de avaliación utilizados adecúanse ao alumnado e á materia. | | | | |
| Os aprendizaxes básicos para alcanzar unha avaliación positiva son congruentes cos obxectivos. | | | | |
| A metodoloxía utilizada na área favorece as aprendizaxes do alumnado. | | | | |
| Os materiais curriculares utilizados facilitan unha aprendizaxe significativa e funcional. | | | | |
| As decisións tomadas en relación coa lectura contribúen ao seu desenvolvemento. | | | | |
| A aplicación das estratexias de comprensión lectora axudan ao alumnado a desenvolver o hábito lector. | | | | |
| Utilízanse as TICs no traballo dentro da aula. | | | | |
| Prográmanse variedade de actividades complementarias e extraescolares. | | | | |
| Existen mecanismos favorecedores das normas de convivencia que permitan un desenvolvemento axeitado das actividades de clase. | | | | |

1. Desacordo co cumprimento do criterio.
2. O criterio cómprese parcialmente.
3. O criterio cómprese suficientemente.
4. Estase de acordo co cumprimento do criterio.

A programación revisarase cunha periodicidade trimestral, os resultados se reflectirán nas memorias.

En caso de se detectar algún cambio significativo nas mesmas, que supoña ter que facer variacións importantes, informárase deles á xefatura de estudos, para comunicalos á inspección educativa.

O procedemento usado para avaliar a adecuación da programación será a autoavaliación

| AUTOAVALIACIÓN: | SI | NON |
|--|-----------|------------|
| A organización que levei a cabo na programación permitíume conseguir os obxectivos propostos. | | |
| A elaboración dos documentos do centro, vías de coordinación, entrevistas, ... apoiou o funcionamento do centro, formación de profesores, implicación da familia, comunidade educativa e a atención ás necesidades específicas de apoio educativo dos alumnos. | | |
| A organización que establecín nos programas foi a adecuada respecto aos propios alumnos e axentes educativos implicados nestes. | | |

EDUCACIÓN PLÁSTICA e VISUAL
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
6º Curso de Educación Primaria
CEIP Xunqueira 1. Pontevedra

CURSO 2.021 / 2.022

Índice

| | |
|--|----|
| CONTEXTUALIZACIÓN..... | 3 |
| TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A ÁREA, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDIMIENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE..... | 4 |
| PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN..... | 18 |
| METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR..... | 18 |
| METODOLOXÍA DIDÁCTICA EN CASO DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL..... | 20 |
| METODOLOXÍA DIDÁCTICA EN CASO DE EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL..... | 21 |
| METODOLOXÍA DIDÁCTICA EN CASO DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL..... | 21 |
| CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO..... | 22 |
| DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL..... | 23 |
| MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 23 |
| CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO..... | 24 |
| ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS..... | 25 |
| INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE..... | 26 |

CONTEXTUALIZACIÓN

Respecto a esta asignatura:

Nos dous grupos de sexto de Educación Primaria neste curso 2021 - 2022 hai un total de 48 alumnos, correspondendo:

23 alumnos a 6ºA

25 alumnos a 6ºB

O día e a sesión de Educación Artística dos tres grupos de sexto dentro da xornada de clases é a seguinte:

6ºA os mércores na terceira sesión.

6ºB os xoves na cuarta sesión.

A lingua vehicular de Educación Plástica e Visual é o galego

O espazo físico onde se desenvolverán os diferentes contidos que conforman este nivel céntrase nunha aula específica con espazo suficiente entre alumnos para a contemplación das medidas de seguridade recomendadas ou impostas desde a Consellería; ademais esta antiga aula de laboratorio está moi ben iluminada tanto con luz natural como artificial, dispón de pilas de lavado o mantemento do material; así mesmo dispón de armarios e andeis suficientes para albergar os traballos que os alumnos de diferentes niveis estean a traballar en cada sesión.

Á hora de acudir a cada sesión o profesor especialista irá a recoller aos alumnos a o seu aula e tamén, ao rematar, volverá a deixalos.

TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A ÁREA, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE

BLOQUE 1: EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|-------------|---|---|---|--------------------|--|------------|
| 1º, 2º e 3º | j e b | <p>B1.1. Indagación e apreciación das posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do contexto próximo.</p> <p>B1.2. O contexto natural, artificial e artístico: posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos.</p> <p>B1.3. Elaboración de protocolos para a observación sistemática de aspectos, calidades e características notorias e sutís das imaxes.</p> | B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores. | EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo | CCL CCEC CSC | <p>Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir</p> <p>Observación directa do seu xeito de traballo</p> <p>Observación resultado final do seu traballo.</p> <p>Comprobación data entrega do seu traballo.</p> | 1 |
| | | | | EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes. | CCEC CAA | | 1 |
| | | | | EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica. | CCEC CAA | | |
| | | | | EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas | CCEC CCL | | |
| | | | | EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo. | CCEC CCL | | |
| | | | | EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos. | CCEC CCL | | |

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|-------------|---|---|--|--------------------|--|------------|
| 1º, 2º e 3º | j e b | <p>B1.4. Indagación sobre o uso artístico dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para o traballo con fotografías.</p> <p>B1.5. Documentación sobre a evolución da fotografía e valoración das posibilidades do formato dixital actual.</p> <p>B1.6. Valoración do cine de animación como ferramenta de aprendizaxe.</p> <p>B1.7. Secuenciación dunha historia, unha novela e unha canción, con imaxes e textos explicativos.</p> <p>B1.8. Elaboración de carteis aplicando coñecementos plásticos e audiovisuais.</p> <p>B1.9. Iniciación a sinxelas obras de animación tendo en conta o son, a montaxe, o guión e a realización.</p> | B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. | EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función). | CCEC CCL | <p>Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir</p> <p>Observación directa do seu xeito de traballo</p> <p>Observación resultado final do seu traballo.</p> <p>Comprobación data entrega do seu traballo.</p> | 1 |
| | | | | EPB1.2.2 Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía. | CCEC CCL | | |
| | | | | EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía. | CCEC CCL | | |
| | | | | EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial. | CCEC CAA CCL | | |
| | | | | EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic. | CCEC CAA | | |
| | | | | EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son. | CCEC CAA CD | | |

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|-------------|--|---|---|--------------------|--|------------|
| 1º, 2º e 3º | j i a | <p>B1.10. Valoración dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos de coñecemento, produción e satisfacción.</p> <p>B1.11. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer as manifestacións do patrimonio cultural e artístico dos pobos (autores e autoras, obras e documentación).</p> <p>B1.12. Uso intencionado da imaxe como instrumento de comunicación.</p> <p>B1.13. A protección de datos. Dereito á propia imaxe.</p> | B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento. | EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos. | CD CSC | <p>Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir</p> <p>Observación directa do seu xeito de traballo</p> <p>Observación resultado final do seu traballo.</p> | 1 |
| | | | | EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa.. | | | CSC CD |

BLOQUE 2: EXPRESIÓN ARTÍSTICA

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Cráterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|------------|---|---|---|--------------------|--|------------|
| 1º, 2º e 3º | j b | <p>B2.1. Aplicación de recursos gráficos para a expresión de emocións, ideas e accións.</p> <p>B2.2. Disposición á orixinalidade, a espontaneidade e a plasmación de ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma, na creación dunha obra artística.</p> <p>B2.3. Recreación de espazos, aplicando conceptos artísticos básicos (equilibrio e composición).</p> | <p>B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.</p> | <p>EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.</p> | CCEC CAA | <p>Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir</p> <p>Observación directa do seu xeito de traballo</p> <p>Observación resultado final do seu traballo.</p> | 1 |
| | | | | <p>EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).</p> | CCEC CAA | <p>Comprobación data entrega do seu traballo.</p> | 2 |
| | | | | <p>EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.</p> | CCEC CAA | | 2 |
| | | | | <p>EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soldura.</p> | CAA CCEC | | 2 |
| | | | | <p>EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.</p> | CAA CCEC | | 2 |

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|------------|---|--|--|--------------------|---|------------|
| 1º, 2º e 3º | j e | <p>B2.1. Aplicación de recursos gráficos para a expresión de emocións, ideas e accións.</p> <p>B2.2. Disposición á orixinalidade, a espontaneidade e a plasmación de ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma, na creación dunha obra artística.</p> <p>B2.3. Recreación de espazos, aplicando conceptos artísticos básicos (equilibrio e composición).</p> | B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista. | EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, ton e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións. | CAA CCEC | Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir | 2 |
| | | | | EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor. | CAA CCEC | Observación directa do seu xeito de traballo | 2 |
| | | | | EPB2.1.8. Executa composicións nas que aparecen as cores complementarias respectivas. | CAA CCEC | Observación resultado final do seu traballo. | 2 |
| | | | | EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.). | CCEC CAA | Comprobación data entrega do seu traballo. | 2 |
| | | | | EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos. | CCEC CCL | | 2 |

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|------------|---|---|---|--------------------|---|------------|
| 1º, 2º e 3º | j b | <p>B2.4. Análise das formas de representación de volume. ■</p> <p>B2.5. Elaboración de obxectos tridimensionais con distintos materiais.</p> <p>B2.6. Comparación entre as formas que adopta a representación do espazo en diferentes áreas ou ámbitos.</p> | B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado | EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas. | CCEC CAA | Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir | 2 |
| | | | | EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes | CCEC CAA | Observación directa do seu xeito de traballo | 2 |
| | | | | EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. | CCEC CAA | Observación resultado final do seu traballo. | 2 |
| | | | | EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas utilizando diversos tipos de materiais. | CCEC CAA | Comprobación data entrega do seu traballo. | 2 |

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|------------|---|--|---|--------------------|---|------------|
| 1º, 2º e 3º | d j | <p>B2.7. Coñecemento e valoración de identificadores artísticos de diferentes culturas.</p> <p>B2.8. Interese por coñecer producións do patrimonio cultural e artístico dos pobos.</p> <p>B2.9. Valoración do patrimonio cultural e artístico para a satisfacción con eles e para a súa conservación.</p> <p>B2.10. Elaboración de documentos relacionados con obras, creadores e creadoras, e manifestacións artísticas.</p> | B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio. | EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade. | CSC CCEC | Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir | 2 |
| | | | | EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas. | | | |
| | | | | EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións. | CSC CCEC | Observación resultado final do seu traballo. | |
| | | | | | | Comprobación data entrega do seu traballo. | 2 |
| | | | | | | | 2 |

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|-------------|--|--|---|--------------------|---|------------|
| 1º, 2º e 3º | i j b | B2.11. Emprego dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño, animación e difusión dos traballos elaborados. B2.12. Preparación de documentos propios da comunicación artística. | B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos. | EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias. | CD CCEC | Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir Observación directa do seu xeito de traballo | 2 |
| | | | | EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos. | CD CCEC | Observación resultado final do seu traballo. Comprobación data entrega do seu traballo. | 2 |
| | | | | EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas). | CCEC CD | | 2 |

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|------------|----------|-------------------------|---------------------------|--------------------|-----------------------------|------------|
|-----------------|------------|----------|-------------------------|---------------------------|--------------------|-----------------------------|------------|

| | | | | | | | |
|-------------|-------------|--|--|---|--------------------|--|-------------|
| 1º, 2º e 3º | a b j | <p>B2.13. Elaboración de producións plásticas utilizando técnicas mixtas, elixindo as técnicas, os instrumentos e os materiais de acordo coas súas características e coa súa finalidade.</p> <p>B2.14. Asunción de responsabilidade no traballo propio (constancia e esixencia progresiva) e no traballo cooperativo (respecto polas achegas e as disposicións das demais persoas).</p> <p>B2.15. Realización individual ou en grupo, con establecemento de momentos de revisión e de reflexión sobre o proceso seguido.</p> | <p>B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.</p> | <p>EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.</p> | CCEC CAA | <p>Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir</p> <p>Observación directa do seu xeito de traballo</p> <p>Observación resultado final do seu traballo.</p> <p>Comprobación data entrega do seu traballo.</p> | 2 |
| | | | | <p>EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.</p> | | | CSC CCEC |
| | | | | <p>EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.</p> | CSC CCEC | | 2 |
| | | | | <p>EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.</p> | CSC CCEC CAA | | 2 |

BLOQUE 3: DEBUXO XEOMÉTRICO

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|------------|----------|-------------------------|---------------------------|--------------------|-----------------------------|------------|
|-----------------|------------|----------|-------------------------|---------------------------|--------------------|-----------------------------|------------|

| | | | | | | | |
|-------------|-------------|--|---|---|----------------------|---|---|
| 1º, 2º e 3º | g b j | B3.1. Elaboración de composicións plásticas partindo de conceptos xeométricos da realidade do alumnado. | B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica | EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos. | CCEC CAA CMCCT | Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir Observación directa do seu xeito de traballo Observación resultado final do seu traballo. Comprobación data entrega do seu traballo. | 2 |
| | | B3.2. Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala. | | EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón. | CCEC CAA CMCCT | | 2 |
| | | B3.3. Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas. ■ B3.4. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva. | | EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico | CMCCT CCEC | | 2 |
| | | B3.5. Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación artística partindo dos polígonos elementais. | | EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás. | CMCCT CCEC | | 2 |
| | | | | EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás | CMCCT CCEC | | 2 |
| | | | | | | | |

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|------------|----------|-------------------------|---------------------------|--------------------|-----------------------------|------------|
|-----------------|------------|----------|-------------------------|---------------------------|--------------------|-----------------------------|------------|

| | | | | | | | |
|-------------|-------------|--|---|--|----------------------|--|---|
| 1º, 2º e 3º | g b j | <p>B3.1. Elaboración de composicións plásticas partindo de conceptos xeométricos da realidade do alumnado.</p> <p>B3.2. Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala.</p> <p>B3.3. Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas. ■ B3.4. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.</p> <p>B3.5. Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación artística partindo dos polígonos elementais.</p> | B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica | EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio. | CMCCT CCEC | <p>Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir</p> <p>Observación directa do seu xeito de traballo</p> <p>Observación resultado final do seu traballo.</p> <p>Comprobación data entrega do seu traballo.</p> | 3 |
| | | | | EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico. | CMCCT CCEC | | 3 |
| | | | | EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor | CCEC CMCCT CAA | | 3 |
| | | | | EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico. | CCEC CAA | | 3 |
| | | | | EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón. | CMCCT | | 3 |

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|------------|-----------------------------------|---|--------------------------------|--------------------|-----------------------------|------------|
| 1º, 2º e 3º | | B3.1. Elaboración de composicións | B3.1. Identificar conceptos xeométricos | EPB3.1.11. Analiza a realidade | CCEC | Normas sobre uso correcto, | 3 |

| | | | | | | |
|--|--|--|--|------------------------|---|---|
| | <p>plásticas partindo de conceptos xeométricos da realidade do alumnado.</p> <p>B3.2. Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala.</p> <p>B3.3. Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas. ■ B3.4. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.</p> <p>B3.5. Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación artística partindo dos polígonos elementais.</p> | <p>na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica</p> | <p>descompónoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais</p> | CAA | <p>materiais e técnica a seguir</p> <p>Observación directa do seu xeito de traballo</p> <p>Observación resultado final do seu traballo.</p> <p>Comprobación data entrega do seu traballo.</p> | |
| | | | <p>EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.</p> | CCEC CMCCT | | 3 |
| | | | <p>EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.</p> | CCEC CMCCT CSIEE | | 3 |
| | | | <p>EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.</p> | CMCCT CCEC | | 3 |
| | | | <p>EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.</p> | CMCCT CCEC | | 3 |

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|------------|----------|-------------------------|---------------------------|--------------------|-----------------------------|------------|
|-----------------|------------|----------|-------------------------|---------------------------|--------------------|-----------------------------|------------|

| | | | | | | | |
|-------------|-------------|---|---|--|----------------------|--|---|
| 1º, 2º e 3º | j g b | B3.6. Exploración e uso adecuado do material de debuxo técnico, coa finalidade de atopar o máis apropiado para o resultado final. | B3.2. Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente. | EPB3.2.1. Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados | CCEC CAA CMCCT | <p>Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir</p> <p>Observación directa do seu xeito de traballo</p> <p>Observación resultado final do seu traballo.</p> <p>Comprobación data entrega do seu traballo.</p> | 3 |
|-------------|-------------|---|---|--|----------------------|--|---|

BLOQUE 1: EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

BLOQUE 2: EXPRESIÓN ARTÍSTICA

BLOQUE 3: DEBUXO XEOMÉTRICO

As porcentaxes de valoración de cada un dos bloques dependerá dos contidos en cada trimestre xa que aínda que é avaliación continua e os tres bloques están presentes en todo o curso con todo, cada un deles adquire maior protagonismo nuns trimestres máis que noutros polo que non sería unha valoración exacta se de antemán tentase valorar cunha porcentaxe global en cada caso. Nas follas de cálculo elaboradas para cada trimestre queda reflectido que tipo de contido considérase mellor valorado para o cálculo da nota trimestral. Estas táboas están ao dispor dos alumnos para que poidan ter unha visión global do que se lles vai a pedir en cada ocasión e así poder valorar e medir mellor os seus esforzos.

TEMPORALIZACIÓN: tódolos contidos serán abordados dun xeito continuo ao longo do curso, dende o comenzo ata o fin, sen fronteiras temporais, xa que na maioría dos contidos están intimamente ligados e sería complicado separalos.

PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

No presente curso 21/22 hai dous alumnos que requiren un plan de reforzo para esta asignatura. É posíbel que, máis que un problema de contidos, tan so sexa necesario un axuste nos tempos que se requiren en cada actividade por parte dos alumnos, e dicir, a entregar o traballo no tempo estimado de antemán. Aínda así o Plan de reforzo será confeccionado para cada uno destes alumnos

METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

A metodoloxía empregada neste nivel de 6º e **netamente práctica**. En 6º continúaase coa fruta doce atendendo á didáctica concreta para que o alumnado sexa quen de ir medrando en partituras musicais máis dificultosas e ser quen de interpretalas co este instrumento. Esta importancia clave reflíctese na valoración do porcentaxe; con un 55% (excepcionalmente so no segundo trimestre) pretende ser o

bloque con maior relevancia e perde peso o bloque da a escoita xa traballada e valorada máis de xeito separado nos niveis de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria.

As distintas actividades que se levarán a cabo no Centro influirán na programación diaria contribuíndo así ao desenvolvemento das competencias clave.

Os principais materiais e recursos a empregar serán os máis axeitados e que propicien o mellor desenvolvemento didáctico:

Non se seguirá ningún libro de texto para afondar nas necesidades máis concretas e reais para tentar alcanzar os obxectivos; así o caderno de música (con páxinas pautadas con pentagramas, páxinas en branco para esquemas e debuxos e páxinas cuadriculadas para distintos apuntes e exercicios) será o protagonista para conter dun xeito ordenado todos os contidos neste nivel.

Ademais da frauta de dixitación barroca, outros materiais (ademais dos instrumentos musicais de pequena percusión *Orff*) utilizaranse no día a día a modo didáctico como podan ser:

- Ordenador e pantalla para visionado de exercicios rítmicos, cancións, danzas etc.
- Blog *El oído de Ulises* con gran parte do contido relacionado coa escoita e introdución á Historia da Música e valorar así a obra dos nosos antepasados a través dalgúns grandes compositores.
- Equipo de música.
- O propio espazo físico da aula para a realización de exercicios de movemento e danza*
*(excepcionalmente as danzas, durante o presente curso, se estudarán de xeito teórico).
- Instrumentos *Orff* de láminas e pequena percusión.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA EN CASO DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL.

A comunicación establecerase a base de vídeos explicativos relacionados coas actividades e, nalgúns casos específicos, se acompañarán de textos descritivos sobre os diversos contidos ou enlaces a páxinas de información en Internet.

A comunicación co alumnado en caso da interrupción das clases presenciais se establecerá dun xeito preferente (non obrigatorio) a través dos medios dixitais proporcionados pola Consellería de Educación: Edixgal e as comunicacións das mensaxes informativos en mediante *Abalar móbil*; tamén se poderían utilizar outras canles de comunicación dixital se así se considerase en beneficio da efectividade, sinxeleza e rapidez (peso dos vídeos e/ou audios) no envío das actividades propostas. Neste sentido para publicar contidos e actividades volverían utilizar os dous blogues que viñeron funcionando desde fai xa uns dez anos e que foron elementos clave durante o último trimestre do curso 2020 / 2021; no caso de esta asignatura de Educación Plástica e Visual o blog é *Miradas da Xunqueira* accesible dende calquera buscador en Internet.

A dinámica a empregar no caso de confinamento será a de colgar os diferentes contidos e actividades propostas unha vez á semana mediante vídeos gravados propios ou utilizando outros de Internet acompañados dun texto o audio explicativo. Nas instrucións especificarase a data máxima de entrega. Normalmente será dunha semana a outra salvo nos casos de preparación de actividades instrumentais que requiran mais tempo.

O profesorado devolverá a tarefa corrixida coas anotacións que estime oportuno, ou recomendando un novo envío da tarefa.

Tentarase a realización de vídeoconferencias grupais a lo menos unha vez á semana aínda que o prazo podería ser excepcionalmente cada dúas semanas dependendo das necesidades concretas do contido traballado.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA EN CASO DE EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL.

A tecnoloxía aplicada á educación permite correccións e *feedback* inmediatos e personalizados pero tamén presenta certos riscos: a dispersión, a sensación de soidade e a de que o esforzo que debe facerse é excesivo. O/A docente debe velar por minimizar eses riscos, tanto en grupo como individualmente.

Non se trata de trasladar á actividade non presencial os mesmos esquemas de traballo, rutinas ou horarios escolares da modalidade presencial. Hai que ter en conta a carencia, nalgúns casos, de recursos, pero tamén a carga emocional, tanto individual como familiar e social, que o alumnado soporta pola situación actual.

Nesta situación é fundamental manter un contacto periódico (telefónico ou por outras vías) para asegurar o seguimento das necesidades e dificultades que poidan xurdir entre o alumnado.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA EN CASO DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL

O *Equipo COVID* do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. No caso de pasar a unha educación non presencial todo o alumnado levará o equipo *E-dixgal* á casa.

No caso de Música unha vez á semana se colgarán as actividades correspondentes para a súa realización coas debidas instrucións e data máxima de entrega.

As actividades, normalmente, irán acompañadas de vídeos explicativos, audios ou instrucións por escrito.

Unha vez cada 15 días tentarase conectar co cada grupo de alumnos para comentar dificultades atopadas nas actividades, aclarar dúbidas ou simplemente como escusa para establecer un diálogo sobre a situación excepcional que estamos a vivir.

Despois do envío das actividades por parte do alumnado se devolverá unha mensaxe coa información relevante sobre as mesmas, se foron superadas, en que deberían mellorar ou mesmo se convendría repetilas.

Co obxectivo de ordenar o uso do tempo de cada xornada, evitar posibles malentendidos e pensando sobre todo no bo funcionamento da comunicación e incluso apelando á saúde mental individual fuxindo do estrés que provoca a sensación de *permanente conexión*, as xornadas estarán encadradas dentro de un horario específico.

A atención do profesor terá un horario determinado de luns a venres no horario de mañá de 9:00 h a 14:00 h e polas tardes de 16:30h a 19:30 h quedando para a xornada do día seguinte as posibles comunicacións, envíos, correccións... **Nos fines de semana non haberá comunicación** para respectar os períodos de descanso.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os procedementos de avaliación que utilizaremos serán os seguintes:

- Observación directa.
- Elemento de diagnóstico: rúbricas
- Avaliación de contidos.
- Avaliación por competencias.

Cráterios sobre a avaliación e cualificación

Cada trimestre terá en conta os diversos contidos levados a cabo mediante as actividades que os alumnos deberán realizar. Como norma xeneralizada a observación na aula contará a nota final da avaliación cun 15% da nota final mentres que os contidos levados a cabo coas actividades e probas prácticas e/ou escritas alcanza unha media do 85% da nota final. Nas táboas de datos (follas de cálculo) confeccionadas a tal efecto para o seguimento do día a día pódese atopar todas as fórmulas e porcentaxes para obter a nota final de cada alumno.

A avaliación en Educación Plástica e visual será continua e fará media aritmética coa asignatura de Música

CRITERIOS SOBRE A PROMOCIÓN

A nivel xeral o alumnado proporcionará sempre que acade o desenvolvemento das competencias clave e un axeitado grao de madurez. Tamén accederá ao nivel/etapa seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente as novas aprendizaxes.

Se non acada as competencias claves nin o grao de madurez axeitado á súa idade permanecerá un ano máis no nivel/etapa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL

Non se contemplan en Educación Plástica e Visual salvo la observación directa habitual que prevexa posibles dificultades.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Están previstas as medidas que escribo a continuación por si fora o caso:

- Aproveitaranse as situacións espontáneas para afianzar as relacións entre o alumnado.
- Combinaranse agrupamentos heteroxéneos con outros de carácter homoxéneo.
- A participación nas actividades en grupo terá carácter obrigatorio para todo o alumnado mediante a gradación progresiva na dificultade para mellorar a autoestima nos casos que si sexan necesarios.
- Utilizaremos actividades en pequenos grupos para mellorar o clima e a relación do alumnado dentro da aula.
- Priorizarase o uso de técnicas e estratexias que favorezan a experiencia directa e a expresión.
- Utilizaranse recursos variados (visuais, auditivos, de movemento e expresión corporal, instrumentais, teatrais...) que sexan adecuados para todo o alumnado da aula.

Empregaranse:

- Apoio na aula e fóra dela do alumnado que o precise.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO

O tratamento transversal da educación en valores pódese resumir na etapa de primaria en dous tipos de valores:

1. Referidos a valores sociais que configuran o sistema educativo dándolle unha dimensión ética, e que todos debemos coñecer e respectar, baseados nos valores, liberdades e dereitos constitucionais e nos dereitos humanos: igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, tolerancia, solidariedade, xustiza, equidade. Son importantes porque sustentan a práctica da cidadanía democrática.
2. Valores de tipo individual que hai que desenvolver nos/as alumnos/as, liberdade e responsabilidade persoal, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade, espírito emprendedor, vida saudable (hixiene, dieta, actividade deportiva), educación viaria, desenvolvemento sostible e medio ambiente, riscos derivados do uso das TIC,...

Os elementos transversais, presentes en todas as áreas, están compostos por coñecementos, destrezas e sobre todo actitudes, polo que serán traballados a través da propia experiencia do alumnado que fan dos valores que intentamos transmitir e dos resultados e consecuencias que obteñen de dita experiencia.

O profesorado terá en conta en toda a actuación educativa estes elementos transversais: á hora de organizar a aula, de seleccionar materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar aos alumnos/as, de seleccionar estratexias que permitan a colaboración, o protagonismo do alumnado. Desde o centro, o tratamento transversal dos valores, está integrado en diferentes plans, programas e proxectos.

Os obxectivos que se pretende que acade o alumnado son os seguintes:

Realizar as aprendizaxes na aula utilizando a Aula Virtual.

Contribuír dende o Área de Educación Artística ao proceso de alfabetización dixital

Adquirir estratexias na busca de información co fin de obter aprendizaxes significativas.

Desenvolver o sentido crítico con respecto ás distintas informacións ás que se accede.

Realizar traballos cooperativos. Adquirir novas estratexias para expoñer os coñecementos co fin de que sexa máis motivador, tanto para o que expón como para o que recibe a información.

Para conseguir estes obxectivos utilizaremos nos cursos de 5º e 6º a plataforma Edixgal e outros medios dixitais que permitan unha comunicación máis completa; no caso de Música o blog *El oído de Ulises* e no caso de Educación Plástica e Visual *Miradas da Xunqueira*.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Neste curso deberán evitarse as actividades grupais que impliquen a xuntanza de todo o alumnado do Centro escolar quedando as distintas celebracións e/ou conmemoracións a nivel do grupo/aula.

CONMEMORACIÓN

Día Universal da Infancia 20 novembro / Día Internacional contra a Violencia de Xénero: 25 de novembro

Día Internacional das Persoas con Discapacidade: 3 de decembro

Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia: do 2 ao 9 de decembro

Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: 10 de decembro

Día da Non Violencia e da Paz. 30 de xaneiro

Día Internacional da Muller. 8 de marzo

Día Mundial dos Dereitos do Consumidor: 15 de marzo

Semana da Prensa. Nesta semana traballarase na aula con xornais: do 9 ao 13 de marzo

Día Mundial da Saúde: 7 de abril

Semana do Libro. entre o 20 e o 24 de abril

Día Internacional contra o Acoso Escolar: 2 de maio

Día de Europa: 9 de maio / do 11 ao 15 de maio semana das Letras galegas

Día mundial do Medio Ambiente: 5 de xuño

CELEBRACIÓN

Samaín/Halloween: outubro

Magosto: outubro

Nadal: decembro

Entroido: marzo

Letras Galegas Semana das Letras Galegas: maio

Festival fin de curso: xuño

Festa fin de curso 19 de xuño

As actividades no recinto escolar coma as actividades fora do colexio iranse elixindo e fixando a súa data ao longo do desenvolvemento do curso.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos na programación, introducándose as medidas correctoras oportunas.

O obxectivo desta avaliación será a de analizar con periodicidade a adecuación da programación á realidade do curso e deseñar as modificacións pertinentes cara ao vindeiro curso.

Incluiranse valoracións na Memoria Final de curso reflectindo os logros e dificultades atopadas, así coma os aspectos que incidiron positiva ou negativamente no desenvolvemento da programación.

Basicamente os dous instrumentos serán a observación directa e análise dos diversos tipos de tarefas.

| | SI | NO | Case sempre | Poucas veces |
|--|----|----|-------------|--------------|
| Os alumnos utilizaron funcionalmente o material propio e do aula. | | | | |
| Mostran interese e curiosidade nas actividades teóricas que se lles formulan | | | | |
| Ten interese nos contidos referidos ao debuxo xeométrico | | | | |
| Ten interese pola asignatura | | | | |

As cuestións que poderán ser expostas en cada trimestre para observar a adecuación poderían ser as seguintes

Os obxectivos corresponden ao currículo de 6º de primaria.

Adecuación dos obxectivos ás características do alumnado.

Contribución da materia ás competencias básicas.

A selección de contidos da área está de acordo co desenvolvemento evolutivo do alumnado.

Os criterios de avaliación correspóndense cos obxectivos.

Os procedementos de avaliación utilizados adecúanse ao alumnado e á materia.

A metodoloxía utilizada na área favorece as aprendizaxes do alumnado.

Os materiais curriculares utilizados facilitan unha aprendizaxe significativa e funcional.

Utilízanse as TICs no traballo dentro da aula.

Existen mecanismos favorecedores das normas de convivencia que permitan un desenvolvemento axeitado das actividades de clase.

Os ítems para contestar ao cuestionario anterior poderían ser os seguintes:

1. Desacordo co cumprimento do criterio.
2. O criterio cúmprese parcialmente.
3. O criterio cúmprese suficientemente.
4. Estase de acordo co cumprimento do criterio.

A programación revisarase con certa periodicidade, os resultados se reflectirán nas memorias. En caso de se detectar algún cambio significativo nas mesmas, que supoña ter que facer variacións importantes, informarase deles á xefatura de estudos, para comunicalos á inspección educativa.

O procedemento usado para avaliar a adecuación da programación será a autoavaliación que basicamente será unha reflexión escrita sobre o funcionamento ao longo do curso deste nivel, observando onde houbo problemas así como cales poderían ser as posibles melloras que fagan contribuír a unha mellora no proceso de ensinanza / aprendizaxe da asignatura.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE MÚSICA

6º Curso de Educación Primaria

CEIP Xunqueira 1. Pontevedra

CURSO 2.021 / 2.022

Índice programación 6º Curso de Educación Primaria

| | |
|---|----|
| CONTEXTUALIZACIÓN..... | 3 |
| TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A ÁREA, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE..... | 4 |
| PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN..... | 9 |
| METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR..... | 9 |
| Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial..... | 10 |
| Metodoloxía didáctica en caso de educación semipresencial..... | 11 |
| Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial..... | 11 |
| CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO..... | 12 |
| DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL..... | 13 |
| MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 13 |
| CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO..... | 14 |
| ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS..... | 15 |
| INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE..... | 16 |

CONTEXTUALIZACIÓN

Respecto a esta asignatura:

Nos dous grupos de sexto de Educación Primaria a comezos deste curso 2021 - 2022 hai un total de 48 alumnos, correspondendo:

23 alumnos en 6ºA

25 alumnos en 6ºB

O día e a sesión de Educación Artística dos tres grupos de sexto dentro da xornada de clases é a seguinte:

6ºA os mércores na segunda sesión.

6ºB os xoves na terceira sesión.

A lingua vehicular desta asignatura é o **castelán**.

O espazo físico onde se darán as clases desta materia será a aula de Música contemplando as medidas de seguridade respecto a as distancias a gardar dun alumno a outro, medidas á hora de estudar, practicar e interpretar danzas, frauta ou outros instrumentos dos que se dispón na aula así como outras medidas de hixiene de cadeiras ou aireación deste espazo entre cada unha das sesións en cada xornada.

Á hora de acudir a cada sesión o profesor especialista irá a recoller aos alumnos a o seu aula e tamén, ao rematar, volverá a deixalos.

TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A ÁREA, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE.

BLOQUE 1: ESCOITA

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|-------------|--|---|---|----------------------|--|------------|
| 1º, 2º e 3º | j b e | B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son. B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto. | B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. | EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. | CCEC CCL CAA | Observación directa: Seguimento da sesión. Probas prácticas: | 1 (15%) |
| 1º, 2º e 3º | b e o | B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas. B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade. B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega. | B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen | EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. | CCEC CAA CCL | Escoita activa, escritura musical Probas obxectivas. Resolución de exercicios: auditivos | 1 (15%) |
| | | | | EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias. | CSIEE CAA CCEC | | |
| 3º | h a d | B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas. B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais. B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados. | B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións. | EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. | CSC CCEC | Revisión de deberes y tarefas cotiás. Caderno de traballo | 1 (15%) |
| | | | | EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais. | CSC CCEC | | |

BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN MUSICAL

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|---------------|--|--|---|--------------------|--|------------|
| 1º, 2º e 3º | j e k | B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz. | B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar. | EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas | CCEC CAA CCL | Observación directa: Seguimento da sesión. | 2 (55%) |
| | j b d/a | B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou fruta doce. | B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección. | EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais | CCEC CAA | Probas prácticas: Escoita activa, escritura musical | 2 (55%) |
| | | B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon. | | EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | CCEC | Probas obxectivas. Resolución de exercicios: auditivos | 2 (55%) |
| | | B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz. | | EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos | CCEC | Revisión de deberes y tarefas cotiás. | 2 (55%) |
| | | B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas. | | EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento | CCEC CAA | Caderno de traballo | 2 (55%) |
| | | B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores. | | | | | |

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|---------------|---|---|--|--------------------|--|------------|
| 1º, 2º e 3º | j b d/a | <p>B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.</p> <p>B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.</p> | <p>B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.</p> | <p>EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural</p> | CAA CCEC | <p>Observación directa:</p> <p>Seguimento da sesión.</p> <p>Probas prácticas:</p> | 2 (55%) |
| | | | | <p>EMB2.2.6. Aмосa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</p> | CSC | <p>Escoita activa, escritura musical</p> <p>Probas obxectivas.</p> | 2 (55%) |
| | | | | <p>EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, reconece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.</p> | CAA | <p>Resolución de exercicios: auditivos</p> <p>Revisión de deberes y tarefas cotiás.</p> <p>Caderno de traballo</p> | |

| Temporalización | Objetivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|-----------|--|--|--|--------------------|--|------------|
| 1º, 2º e 3º | i j | <p>B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.</p> <p>B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.</p> <p>B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e vídeo anuncios.</p> <p>B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias</p> | B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | <p>EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.</p> | CCEC CAA CD | <p>Observación directa:</p> <p>Seguimento da sesión.</p> <p>Probas prácticas:</p> | 2 (55%) |
| | | | | <p>EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.</p> | CAA CD CCL | <p>Escoita activa, escritura musical</p> | 2 (55%) |
| | | | | <p>EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.</p> | CD CCEC | <p>Probas obxectivas.</p> <p>Resolución de exercicios: auditivos</p> <p>Revisión de deberes e tarefas cotiás.</p> <p>Caderno de traballo</p> | 2 (55%) |

BLOQUE 3: MÚSICA, MOVEMENTO e DANZA

| Temporalización | Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Porcentaxe |
|-----------------|--------------------|--|---|---|--------------------|---|------------|
| 1º, 2º e 3º | j b h/d o | <p>B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.</p> <p>B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.</p> <p>B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.</p> <p>B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.</p> <p>B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto.</p> | B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social. | EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | CAA CCEC | Observación directa: Seguimento da sesión. | 3 (30%) |
| | | | | EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas. | CCEC | | |
| | | | | EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. | CCEC | Escoita activa, escritura musical | 3 (30%) |
| | | | | EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. | CAA CCEC | | |
| | | | | EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto. | CAA | Resolución de exercicios: auditivos | 3 (30%) |
| | | | | EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. | CAA CSC | | |
| | | | | EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas | CSC | | 3 |

BLOQUE 1: ESCOITA**BLOQUE 2 INTERPRETACIÓN MUSICAL****BLOQUE 3. MÚSICA, MOVIMIENTO E DANZA**

As porcentaxes de valoración de cada un dos bloques dependerá dos contidos en cada trimestre xa que aínda que é avaliación continua e os tres bloques están presentes en todo o curso con todo, cada un deles adquire maior protagonismo nuns trimestres máis que noutros polo que non sería unha valoración exacta se de antemán tentase valorar cunha porcentaxe global en cada caso. Nas follas de cálculo elaboradas para cada trimestre queda reflectido que tipo de contido considérase mellor valorado para o cálculo da nota trimestral. Estas táboas están ao dispor dos alumnos para que poidan ter unha visión global do que se lles vai a pedir en cada ocasión e así poder valorar e medir mellor os seus esforzos.

TEMPORALIZACIÓN: Segundo o explicado no punto anterior tódolos contidos serán abordados dun xeito continuo ao longo do curso, dende o comenzo ata o fin, sen fronteiras temporais, xa que uns co outros están intimamente ligados e sería inútil separalos.

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES

A Natureza deste Área é dinámica, sen fronteiras claras entre uns contidos e outros xa que forman un contínuum permanente de xeito que en Música vólvense a traballar elementos de un curso anterior para sumar aos novos propios do novo nivel no que atópase o alumno na actualidade.

PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

No presente curso 21/22 hai **cinco alumnos** que pasan a este nivel de sexto coa asignatura de Música suspensa; cada un deles terá como axuda un plan de reforzo persoal que pretende, dentro das particularidades e posibilidades reais que se presentan en cada caso, poder seguir conectado nun grao o máis óptimo posible ao grupo cos novos contidos que se vaian a traballar. Quedan confeccionados e entregados ao Departamento de Orientación para que consten oficialmente.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

A metodoloxía empregada neste nivel de 6º e netamente práctica. En 6º continúaase coa frauta doce atendendo á didáctica concreta para que o alumnado sexa quen de ir medrando nas obras con partituras musicais “máis dificultosas” e ser quen de interpretalas co este instrumento.

Os principais materiais e recursos a empregar serán os máis axeitados e que propicien o mellor desenvolvemento didáctico:

Non se seguirá ningún libro de texto para afondar nas necesidades máis concretas e reais para tentar alcanzar os obxectivos; así o caderno de música (con páxinas pautadas con pentagramas, páxinas en branco para esquemas e debuxos e páxinas cuadriculadas para distintos apuntes e exercicios) será o protagonista para conter dun xeito ordenado todos os contidos neste nivel.

Ademais da frauta de dixitación barroca, outros materiais (ademais dos instrumentos musicais de pequena percusión *Orff*) utilizaranse no día a día a modo didáctico como podan ser:

- Ordenador e pantalla para visionado de exercicios rítmicos, cancións, danzas etc.
- Blog *El oído de Ulises* con gran parte do contido relacionado coa escoita e introdución á Historia da Música e valorar así a obra dos nosos antepasados a través dalgúns grandes compositores.
- Equipo de música.
- O propio espazo físico da aula para a realización de exercicios de movemento e danza
- Instrumentos *Orff* de láminas e pequena percusión.

Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial.

A comunicación establecerase a base de vídeos explicativos relacionados coas actividades e, nalgúns casos específicos, se acompañarán de textos descritivos sobre os diversos contidos ou enlaces a páxinas de información en Internet.

A comunicación co alumnado en caso da interrupción das clases presenciais se establecerá dun xeito preferente (non obrigatorio) a través dos medios dixitais proporcionados pola Consellería de Educación: Edixgal e as comunicacións das mensaxes informativos en mediante *Abalar móvil*; tamén se poderían utilizar outras canles de comunicación dixital se así se considerase en beneficio da efectividade, sinxeleza e rapidez (peso dos vídeos e/ou audios) no envío das actividades propostas. Neste sentido para publicar contidos e actividades volverían utilizar os dous blogues que viñeron funcionando desde fai xa uns dez anos e que foron elementos cruce durante o último trimestre do curso 2020 / 2021; no caso de esta asignatura de Educación Plástica e Visual o blog é *Miradas da Xunqueira* accesible dende calquera buscador en Internet.

A dinámica a empregar no caso de confinamento será a de colgar os diferentes contidos e actividades propostas unha vez á semana mediante vídeos gravados propios ou utilizando outros de Internet acompañados dun texto o audio explicativo. Nas instrucións especificarase a data máxima de entrega. Normalmente será dunha semana a outra salvo nos casos de preparación de actividades instrumentais que requiran mais tempo.

O profesorado devolverá a tarefa corrixida coas anotacións que estime oportuno, ou recomendando un novo envío da tarefa.

Tentarase a realización de vídeoconferencias grupais a lo menos unha vez á semana aínda que o prazo podería ser excepcionalmente cada dúas semanas dependendo das necesidades concretas do contido traballado.

Metodoloxía didáctica en caso de educación semipresencial.

A tecnoloxía aplicada á educación permite correccións e *feedback* inmediatos e personalizados pero tamén presenta certos riscos: a dispersión, a sensación de soidade e a de que o esforzo que debe facerse é excesivo. O/A docente debe velar por minimizar eses riscos, tanto en grupo como individualmente.

Non se trata de trasladar á actividade non presencial os mesmos esquemas de traballo, rutinas ou horarios escolares da modalidade presencial. Hai que ter en conta a carencia, nalgúns casos, de recursos, pero tamén a carga emocional, tanto individual como familiar e social, que o alumnado soporta pola situación actual.

Nesta situación é fundamental manter un contacto periódico (telefónico ou por outras vías) para asegurar o seguimento das necesidades e dificultades que poidan xurdir entre o alumnado.

Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial

O *Equipo COVID* do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. No caso de pasar a unha educación non presencial todo o alumnado levará o equipo *E-dixgal* á casa.

No caso de Música unha vez á semana se colgarán as actividades correspondentes para a súa realización coas debidas instrucións e data máxima de entrega.

As actividades, normalmente, irán acompañadas de vídeos explicativos, audios ou instrucións por escrito.

Unha vez cada 15 días tentarase conectar co cada grupo de alumnos para comentar dificultades atopadas nas actividades, aclarar dúbidas ou simplemente como escusa para establecer un diálogo sobre a situación excepcional que estamos a vivir.

Despois do envío das actividades por parte do alumnado se devolverá unha mensaxe coa información relevante sobre as mesmas, se foron superadas, en que deberían mellorar ou mesmo se convendría repetilas.

Co obxectivo de ordenar o uso do tempo de cada xornada, evitar posibles malentendidos e pensando sobre todo no bo funcionamento da comunicación e incluso apelando á saúde mental individual fuxindo do estrés

que provoca a sensación de *permanente conexión*, as xornadas estarán encadradas dentro de un horario específico.

A atención do profesor terá un horario determinado de luns a venres no horario de mañá de 9:00 h a 14:00 h e polas tardes de 16:30h a 19:30 h quedando para a xornada do día seguinte as posibles comunicacións, envíos, correccións... **Nos fines de semana non haberá comunicación** para respectar os períodos de descanso.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os procedementos de avaliación que utilizaremos serán os seguintes:

- Observación directa.
- Elemento de diagnóstico: rúbricas
- Avaliación de contidos.

Criterios sobre a avaliación e cualificación

Cada trimestre terá en conta os diversos contidos levados a cabo mediante as actividades que os alumnos deberán realizar. Como norma xeneralizada a observación na aula contará a nota final da avaliación cun 15% da nota final mentres que os contidos levados a cabo coas actividades e probas prácticas e/ou escritas alcanza unha media do 85% da nota final. Nas táboas de datos confeccionadas a

tal efecto para o seguimento do día a día pódese atopar toda a fórmula para obter a nota final de cada alumno
A avaliación en Música será continua e fará media aritmética coa asignatura de Educación Plástica e visual

CRITERIOS SOBRE A PROMOCIÓN

A nivel xeral o alumnado proporcionará sempre que acade o desenvolvemento das competencias clave e un axeitado grao de madurez. Tamén accederá ao nivel/etapa seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente as novas aprendizaxes.

Se non acada as competencias claves nin o grao de madurez axeitado á súa idade permanecerá un ano máis no nivel/etapa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL

Durante as primeiras semanas do curso escolar, levaranse a cabo probas de avaliación inicial que na Área de Educación Artística consistirán, principalmente **no** en probas escritas se non nunha observación directa de exercicios abordados no derradeiro trimestre do curso anterior e terán como finalidade obter información sobre o grao de desenvolvemento das competencias e adecuar as ensinanzas ao alumnado, facilitando así a progresión no seu proceso de aprendizaxe. Todo o explicado servirá para saber dende onde partimos e començar a poñer noutro contexto diferente aos alumnos que comezan este nivel.

A través da observación sistemática, valorárase as diferentes intervencións do alumnado ante o plantexamento de diferentes exercicios prácticos auditivos, rítmicos, melódicos, de movemento, danza, e escritos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En principio, tomando coma referencia aos alumnos do curso pasado (2.020/2.021) non están previstas medidas especiais neste aspecto:

Están previstas as medidas que escribo a continuación por si fora o caso:

- Aproveitaranse as situacións espontáneas para afianzar as relacións entre o alumnado.

- Combinaranse agrupamentos heteroxéneos con outros de carácter homoxéneo nas actividades de grupo.
- A participación nas actividades en grupo terá carácter obrigatorio para todo o alumnado mediante a gradación progresiva na dificultade para mellorar a autoestima nos casos que si sexan necesarios.
- Utilizaremos actividades en gran grupo (cancións, instrumentacións, danzas, xogos rítmicos e de movemento) para mellorar o clima e a relación do alumnado dentro da aula.
- Priorizarase o uso de técnicas e estratexias que favorezan a experiencia directa e a expresión.
- Utilizaranse recursos variados (visuais, auditivos, de movemento e expresión corporal, instrumentais, teatrais...) que sexan adecuados para todo o alumnado da aula.

Empregaranse:

- Apoio na aula de xeito puntual cando o precisen.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO

O tratamento transversal da educación en valores pódese resumir na etapa de primaria en dous tipos de valores:

1. Referidos a valores sociais que configuran o sistema educativo dándolle unha dimensión ética, e que todos debemos coñecer e respectar, baseados nos valores, liberdades e dereitos constitucionais e nos dereitos humanos: igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, tolerancia, solidariedade, xustiza, equidade. Son importantes porque sustentan a práctica da cidadanía democrática.
2. Valores de tipo individual que hai que desenvolver nos/as alumnos/as, liberdade e responsabilidade persoal, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade, espírito emprendedor, vida saudable (hixiene, dieta, actividade deportiva), educación viaria, desenvolvemento sostible e medio ambiente, riscos derivados do uso das TIC,...

Os elementos transversais, presentes en todas as áreas, están compostos por coñecementos, destrezas e sobre todo actitudes, polo que serán traballados a través da propia experiencia do alumnado que fan dos valores que intentamos transmitir e dos resultados e consecuencias que obteñen de dita experiencia.

O profesorado terá en conta en toda a actuación educativa estes elementos transversais: á hora de organizar a aula, de seleccionar materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar aos alumnos/as, de seleccionar estratexias que permitan a colaboración, o protagonismo do alumnado. Desde o centro, o tratamento transversal dos valores, está integrado en diferentes plans, programas e proxectos.

Os obxectivos que se pretende que acade o alumnado son os seguintes:

Realizar as aprendizaxes na aula utilizando a Aula Virtual.

Contribuír dende o Área de Educación Artística ao proceso de alfabetización dixital: Traballar con editor de partituras, manexo de programas de son como Audacity e utilizar Internet para a procura de información...

Adquirir estratexias na busca de información co fin de obter aprendizaxes significativas.

Desenvolver o sentido crítico con respecto ás distintas informacións ás que se accede.

Realizar traballos cooperativos. Adquirir novas estratexias para expoñer os coñecementos co fin de que sexa máis motivador, tanto para o que expón como para o que recibe a información.

Para conseguir estes obxectivos utilizaremos nos cursos de 5º e 6º a plataforma Edixgal e outros medios dixitais que permitan unha comunicación máis completa; no caso de Música o blog *El oído de Ulises* e no caso de Educación Plástica e Visual *Miradas da Xunqueira*.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

CONMEMORACIÓNS

Día Universal da Infancia 20 novembro /

Día Internacional contra a Violencia de Xénero: 25 de novembro

Commemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia: do 30 novembro ao 7 de decembro

Día Internacional das Persoas con Discapacidade: 3 de decembro
Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: 10 de decembro
Día da Non Violencia e da Paz. 30 de xaneiro
Día de Rosalía de Castro 24 de febreiro
Día Internacional da Muller. 8 de marzo
Semana da Prensa. Nesta semana traballarase na aula con xornais: do 7 ao 11 de marzo
Día Mundial dos Dereitos do Consumidor: 15 de marzo
Día Mundial da Saúde: 7 de abril
Semana do Libro. entre o 18 e o 22 de abril.
Día Internacional contra o Acoso Escolar: 2 de maio
Día de Europa: 9 de maio /
Semana das Letras Galegas do 16 ao 20 de maio
Día mundial do Medio Ambiente: 5 de xuño

CELEBRACIÓNS

Samaín / Halloween e Magosto: outubro

Entroido: marzo

Letras Galegas Semana das Letras Galegas: maio

Festival fin de curso: xuño* (por confirmar)

Festa fin de curso xuño

As actividades no recinto escolar coma as actividades fora do colexio iranse elixindo e fixando a súa data ao longo do desenvolvemento do curso.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos na programación, introducíndose as medidas correctoras oportunas.

O obxectivo desta avaliación será a de analizar con periodicidade a adecuación da programación á realidade do curso e deseñar as modificacións pertinentes cara ao vindeiro curso.

Incluiranse valoracións na Memoria Final de curso reflectindo os logros e dificultades atopadas, así coma os aspectos que incidiron positiva ou negativamente no desenvolvemento da programación.

Basicamente os dous instrumentos serán a observación directa e análise dos diversos tipos de tarefas.

| | SI | NO | Case sempre | Poucas veces |
|---|----|----|-------------|--------------|
| Os alumnos utilizaron funcionalmente o material propio e do aula. | | | | |
| Mostran interese e curiosidade nas actividades teóricas que se lles formulan | | | | |
| Mostran interese nas actividades que supoñen expresividade, movemento libre.. | | | | |
| Mostran interese nas actividades rítmicas propostas | | | | |
| Mostran interese nas actividades de danza* | | | | |
| Mostran interese nas actividades de entoación e canto | | | | |

As cuestións que poderán ser expostas en cada trimestre para observar a adecuación poderían ser as seguintes

Os obxectivos corresponden ao currículo de 6º de primaria.

Adecuación dos obxectivos ás características do alumnado.

Contribución da materia ás competencias básicas.

A selección de contidos da área está de acordo co desenvolvemento evolutivo do alumnado.

Os criterios de avaliación correspóndense cos obxectivos.

Os procedementos de avaliación utilizados adecúanse ao alumnado e á materia.

A metodoloxía utilizada na área favorece as aprendizaxes do alumnado.

Os materiais curriculares utilizados facilitan unha aprendizaxe significativa e funcional.

Utilízanse as TICs no traballo dentro da aula.

Existen mecanismos favorecedores das normas de convivencia que permitan un desenvolvemento axeitado das actividades de clase.

Os ítems para contestar ao cuestionario anterior poderían ser os seguintes:

1. Desacordo co cumprimento do criterio.
2. O criterio cúmprese parcialmente.
3. O criterio cúmprese suficientemente.
4. Estase de acordo co cumprimento do criterio.

A programación revisarase con certa periodicidade, os resultados se reflectirán nas memorias. En caso de se detectar algún cambio significativo nas mesmas, que supoña ter que facer variacións importantes, informarase deles á xefatura de estudos, para comunicalos á inspección educativa.

O procedemento usado para avaliar a adecuación da programación será a autoavaliación que basicamente será unha reflexión escrita sobre o funcionamento ao longo do curso deste nivel, observando onde houbo problemas así como cales poderían ser as posibles melloras que fagan contribuír a unha mellora no proceso de ensinanza / aprendizaxe da asignatura.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

PLE / INGLÉS 6º PRIMARIA

CEIP A XUNQUEIRA 1

CURSO 2021 / 202

Índice de contenido

| | |
|--|----|
| 4.-TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A ÁREA, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE..... | 7 |
| 5.-METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR..... | 16 |

1.-CONTEXTUALIZACIÓN

A lingua é o instrumento por excelencia da comunicación e da aprendizaxe, por iso as linguas forman parte da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que as relacións entre individuos, países e organismos fanse cada vez máis necesarias e frecuentes. Neste marco, é esencial que, desde as idades máis temperás, a educación teña entre os seus obxectivos principais dotar ás cidadás e aos cidadáns de instrumentos para o desenvolvemento de competencias que lles permitan participar adecuadamente nunha nova sociedade cada vez máis interdependente e global. A aprendizaxe de **linguas estranxeiras** cobra, pois, unha especial relevancia neste contexto, xa que a capacidade de comunicación lingüística eficaz é o primeiro chanzo para desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe.

Neste curso 2021-2022, contamos cun total de 48 alumnos. En 6ºA hai 23 e en 6ºB 25. As características do alumnado están reflexadas na PXA do centro.

Un currículo de lingua estranxeira para a formación da cidadanía na sociedade da información non pode deixar de lado as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Toda a súa potencialidade en relación co desenvolvemento das habilidades lingüístico-comunicativas debe aproveitarse nas aulas para favorecer interactivamente tanto a aprendizaxe da lingua estranxeira e o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado como a propia aprendizaxe do uso destas tecnoloxías. A utilización das TIC posibilita o acceso a informacións sobre outras culturas e os seus costumes, reafirma as destrezas orais e escritas, facilita o enriquecemento do vocabulario, fixa unha ortografía correcta e estimula a aprendizaxe autónoma.

As TICs fanse máis necesarias na actualidade que estamos a vivir derivada da pandemia da COVID-19; o que leva a favorecer as aprendizaxes dunha maneira non presencial e semipresencial. Facilitando ao alumnado a posibilidade de realizar as tarefas en tempo real ,

sempre coordinadas e dirixidas polo profesorado.

2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe están organizados dentro dos cinco grandes bloques e o seu tratamento ten que ser abordado desde unha óptica competencial.

O bloque 1 Comprensión de textos orais recolle diversos aspectos da comprensión oral.

O bloque 2 Produción de textos orais aborda o desenvolvemento de habilidades de produción oral.

O bloque 3 Comprensión de textos escritos céntrase en aspectos da comprensión escrita

O bloque 4 Produción de textos escritos: expresión e interacción expón o desenvolvemento e uso progresivo e autónomo da escritura, partindo do afianzamento da expresión oral.

O bloque 5 Coñecemento da lingua e consciencia intercultural enumera as funcións, nocións e elementos e estruturas lingüísticas que van posibilitar o uso reflexivo da lingua para comprender e interactuar en diferentes situacións de comunicación. Igualmente, considéranse neste bloque elementos sociolingüísticos e culturais que condicionan as persoas falantes da lingua estranxeira e que informan doutras maneiras de ver, entender e apreciar o mundo.

A distribución de competencias por estándar está reflectido no punto 4 da programación.

| PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS | | |
|--|------|--|
| Competencia Clave: | | Comunicación Lingüística |
| Nivel | Área | Estándares |
| 6º | PLE | 6º-PLEB1.1 - Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.). |
| 6º | PLE | 6º-PLEB1.2 - Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns). |
| 6º | PLE | 6º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). |
| 6º | PLE | 6º-PLEB1.4 - Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren). |
| 6º | PLE | 6º-PLEB1.5 - Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar. |

| | | |
|----|-----|--|
| 6º | PLE | 6º-PLEB1.7 - Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.). |
| 6º | PLE | 6º-PLEB2.1 - Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible. |
| 6º | PLE | 6º-PLEB3.1 - Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos |
| 6º | PLE | 6º-PLEB3.2 - Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc. |
| 6º | PLE | 6º-PLEB3.3 - Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc. |
| 6º | PLE | 6º-PLEB3.4 - Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador). |
| 6º | PLE | 6º-PLEB3.5 - Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.). |
| 6º | PLE | 6º-PLEB3.6 - Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ?, @, ?). |
| 6º | PLE | 6º-PLEB4.2 - Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediatea (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas. |
| 6º | PLE | 6º-PLEB5.1 - Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar. |
| 6º | PLE | 6º-PLEB5.2 - Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo). |
| 6º | PLE | 6º-PLEB5.4 - Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe. |

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

| Competencia a Clave: | | Aprender a aprender |
|----------------------|------|--|
| Ni ve l | Área | Estándares |
| 6º | PLE | 6º-PLEB5.5 - Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. |
| | | |

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS

| Competencia Clave: | | Competencia Dixital |
|--------------------|------|--|
| Ni ve l | Área | Estándares |
| 6º | PLE | 6º-PLEB4.1 - Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.). |
| 6º | PLE | 6º-PLEB5.3 - Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de |

| | |
|--|---|
| | alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano) |
|--|---|

3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA O CURSO

Dentro dos obxectivos xerais establecidos no curriculum , estableceuse os máis apropiados na área da PLE que faciliten o desenvolvemento das capacidades do alumno/a :

- Empregar a lectura e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter información e como instrumento para aprender e compartir coñecementos.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira(INGLÉS) a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Expresarse e comprender mensaxes na primeira lingua estranxeira (inglés) que sexan significativos e relacionados con situacións cotiás.

4.-TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A ÁREA, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE.

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

| | | | |
|--------------|-----------------|-------------|-----------------------------------|
| CURSO | 6º ED. PRIMARIA | | |
| NIVEL | 6º PRIMARIA | ÁREA | Primeira Lingua Estranxeira (PLE) |

| Criterio de avaliación | Estándares | Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro | T 1 | T 2 | T 3 | CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN | C.C. |
|--|--|--|-----|-----|-----|--|------------|
| | | | | | | Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)* | |
| Bloque 1: Comprensión de textos orais | | | | | | | |
| PLE-B1.1 | 6º-PLEB1.1 - Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.). | Responde correctamente a 5/10 preguntas sobre un texto oral | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado. | CCL CAA |
| PLE-B1.2 | 6º-PLEB1.2 - Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación | Responde correctamente a 5/10 preguntas sobre un texto oral | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado. | CCL CAA |

| | | | | | | | |
|----------|--|---|---|---|---|--|-------------------|
| | ou nuns grandes almacéns). | | | | | | |
| PLE-B1.2 | 6º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). | Acada 2/4 nunha escala de observación. | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p> | CCL CAA CSC |
| PLE-B1.3 | 6º-PLEB1.4 - Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren). | Identifica o tema nun cuestionario pechado | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado.</p> | CCL CAA CSC |
| PLE-B1.3 | 6º-PLEB1.5 - Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar. | Acada 2/4 nunha escala de observación | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p> | CCL CAA CSC |
| PLE-B1.4 | 6º-PLEB1.6 - Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou | Responde correctamente a 5/10 preguntas sobre un texto oral | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado.</p> | CAA |

| | | | | | | | |
|--|---|--|--|--|--|--|--|
| | do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara. | | | | | | |
|--|---|--|--|--|--|--|--|

| | | | | | | | |
|----------|--|---|---|---|---|--|------------|
| PLE-B1.4 | 6º-PLEB1.7 - Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.). | Responde correctamente a 5/10 preguntas sobre un texto oral | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado.</p> | CCL CAA |
|----------|--|---|---|---|---|--|------------|

| Bloque 2: Producións de textos orais | | | | | | | |
|---|------------------|------------------------|---|---|---|--|------------|
| PLE-B2.1 | 6º-PLEB2.1 - Fai | 8/16 de Expresión oral | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> | CCL CAA |

| | | | | | | |
|--|--|--|--|--|-------------------------------|--|
| <p>presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.</p> | | | | | <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p> | |
|--|--|--|--|--|-------------------------------|--|

| Bloque 3: Comprensión de textos escritos | | | | | | | |
|---|------------------------|--------------------------|---|---|---|-------------------------------|------------|
| PLE-B3.1 | 6º-PLEB3.1 - Comprende | Responde correctamente a | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. | CCL CAA |

| | | | | | | | |
|----------|--|--|---|---|---|---|------------|
| | instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos | 5/10 preguntas sobre un texto escrito. | | | | INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado. | |
| PLE-B3.2 | 6º-PLEB3.2 - Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc. | Acada 5/10 nas probas obxectivas. | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p> | CCL CAA |
| PLE-B3.2 | 6º-PLEB3.3 - Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a | Acada 5/10 nas probas obxectivas. | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p> | CCL CAA |

| | | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|
| | familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc. | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|

| | | | | | | | |
|----------|--|---|---|---|---|--|------------|
| PLE-B3.3 | 6º-PLEB3.4 - Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador). | Responde correctamente a 5/10 preguntas sobre un texto escrito. | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado.</p> | CCL CAA |
| PLE-B3.3 | 6º-PLEB3.5 - Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.). | Responde correctamente a 5/10 preguntas sobre un texto escrito. | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado.</p> | CCL CAA |

| | | | | | | | |
|----------|---|--|---|---|---|--|-----|
| PLE-B3.4 | 6º-PLEB3.6 - Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ?, @, ?). | 1/2 na rúbrica de Expresión escrita | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica. | CCL |
|----------|---|--|---|---|---|--|-----|

Bloque 4: Producción de textos escritos

| | | | | | | | |
|----------|---|---|---|---|---|--|------------------|
| PLE-B4.1 | 6º-PLEB4.1 - Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.). | 5/10 na rúbrica de Competencia dixital | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica. | CCL CD CAA |
|----------|---|---|---|---|---|--|------------------|

| | | | | | | | |
|----------|---|-------------------------------|---|---|---|--|-------------------------|
| PLE-B4.7 | 6º-PLEB4.2 - Escribe correspondencia a persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, | 9/18 de Expresión escrita. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica. | CCL CD CAA CSC |
|----------|---|-------------------------------|---|---|---|--|-------------------------|

| | | | | | | | |
|---|--|--|---|---|---|---|-------------------|
| | actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas. | | | | | | |
| Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural | | | | | | | |
| PLE-B5.1 | 6º-PLEB5.1 - Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar. | Acada 2/4 nunha escala de observación. | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p> | CCL CAA CSC |
| PLE-B5.2 | 6º-PLEB5.2 - Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo). | 8/16 de Expresión oral | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p> | CCL CAA CSC |
| PLE-B5.3 | 6º-PLEB5.3 - Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a | 8/16 de Expresión oral Acada 5/10 nas probas obxectivas 5/10 na rúbrica de Competencia dixital | | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica. Proba obxectiva.</p> | CCL CD CSC |

| | | | | | | | |
|----------|---|------------------------------|---|---|---|--|------------|
| | alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano). | | | | | | |
| PLE-B5.4 | 6º-PLEB5.4 - Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe. | 8/16 de Expresión oral. | | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica. | CCL CSC |
| PLE-B5.5 | 6º-PLEB5.5 - Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. | 5/10 de Aprender a aprender. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica. | CCL CAA |

5.-METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.

A programación ofrece tamén orientacións sobre como adaptar o currículo, de maneira que se adapte ao novo escenario e recolla as consecuencias que puideron derivarse da situación de confinamento, incluíndo a dimensión emocional, a competencia dixital ou as medidas de seguridade e hixiene.

Con todo, as programacións didácticas establecerán as medidas metodolóxicas e organizativas, sempre dende o principio de inclusión, que favorezan o desenvolvemento do alumnado. Con carácter xeral, teranse en conta os seguintes principios metodolóxicas, entre outros:

- O prantexamento de tarefas e actividades abertas para o desenvolvemento do pensamento eficaz, crítico e creativo. Ensinar a pensar.
- As actividades de investigación, a aprendizaxe por proxectos de traballo e as tarefas competenciais.
- O desenvolvemento interdisciplinar das programacións de distintas materias que faciliten a interrelación das aprendizaxes.
- A utilización de métodos e tarefas globalizados, como son os centros de interese, os proxectos, as tarefas competenciais ou a aprendizaxe baseada en retos.
- O uso das tecnoloxías como recurso didáctico.
- A aplicación da gamificación que favoreza a motivación e a aprendizaxe.
- A realización das actividades de aprendizaxe con relación ao entorno social e natural.
- O desenvolvemento de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa.

Metodoloxía na educación presencial

- Dende o punto de vista metodolóxico, , fomentarse un uso contextualizado da lingua, dentro de situacións comunicativas propias e de ámbitos diversos propios destas idades, e que permitan a utilización real e motivadora da lingua. Polo tanto, o ensino das linguas estranxeiras na educación primaria enmarcarase en enfoques comunicativos e cun tratamento globalizado das actividades ou destrezas lingüísticas, facendo fincapé durante toda a etapa na comunicación oral e na consciencia intercultural.
- Por outra parte é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo profesorado que as imparte.
- A flexibilidade da programación fai que sexa modificable cando a situación e o alumnado o requira, realizando aquelas actividades que mellor se adapten ao grupo para conseguir un mellor aproveitamento.

O alumnado de 6º xa traballa co programa EDIXGAL; o que xa é un avance á hora de levar a cabo traballos e tarefas en formato dixital .

A través das TIC traballamos contidos ampliando información a través da rede, dunha maneira máis lúdica e atractiva para os alumnos/as, ao mesmo tempo que se traballa a autonomía e aprender a aprender.

En relación co alumnado a maioría empregamos os equipos E-DIXGAL no entorno Eva . Proporcionando recursos e contidos diversos a través de NETEX e AULA PLANETA.

Metodoloxía na educación presencial para preparase no caso de pasar a educación non presencial:

- O profesorado porá en aberto o tema a traballar e marcará as actividades a realizar das diferentes materias.
- Iniciarase ao alumnado no uso das ferramentas básicas do portátil (editor de textos, presentacións, vídeos, editor de imaxes...)
- Propóranse actividades como: traballos escritos (a man e co editor de textos), presentacións, vídeos... Os traballos realizados co portátil deberán entregarse como tarefa no Eva Edixgal
- Realizaranse cuestionarios en Edixgal sobre os temas traballados.
- Utilizaranse actividades dixitais interactivas e de reforzo de diferentes repositorios.
- Utilizaranse vídeos relacionados cos temas a traballar (documentais, cancións, tutoriais...)
- Realizaranse tarefas mixtas (parte na aula e parte na casa) para familiarizarse co modo de traballo no caso de pasar a unha educación non presencial.

Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

No caso de pasar a unha educación non presencial intentaremos que todo o alumnado estea conectado a través dun ordenador, tableta ou móbil..

No caso de pasar a unha educación non presencial todo o alumnado levará o equipo E-dixgal á casa.

- O alumnado descargará os temas en offline antes de iniciar a educación non presencial.
- Cada mañá se porán en aberto as actividades a realizar.
- Estará aberto o foro e a mensaxería para solucionar as dúbidas.
- Unha vez que o alumnado realice a tarefa de texto a enviará en PDF para a súa corrección.
- O profesorado devolverá a tarefa corrixida coas anotacións que estime oportuno, ou recomendando un novo envío da tarefa.
- Utilizarase o calendario para marcar as entregas de traballos de investigación.
- Realizaremos videoconferencias grupais ou individuais segundo as necesidades.
- Utilizaremos Agueiro para a realización de traballos cooperativos.

Metodoloxía didáctica en caso de educación semipresencial.

A tecnoloxía aplicada á educación permite correccións e *feedback* inmediatos e personalizados. Pero tamén presenta certos riscos: a dispersión, a sensación de soidade e a de que o esforzo que debe facerse é excesivo. O/A docente debe velar por minimizar eses riscos, tanto en grupo como individualmente.

Non se trata de trasladar á actividade non presencial os mesmos esquemas de traballo, rutinas ou horarios escolares da modalidade presencial. Hai que ter en conta a carencia, nalgúns casos, de recursos, pero tamén a carga emocional, tanto individual como familiar e social, que o alumnado soporta pola situación actual.

Nesta situación é fundamental manter un contacto periódico (telefónico ou por outras vías) para asegurar o seguimento das necesidades e dificultades que poidan xurdir entre o alumnado.

Comunicación co alumnado durante a actividade lectiva non presencial/ semipresencial:

- Utilizaremos a mensaxería Edixgal (5º e 6º) para comunicarnos co alumnado.
- Tamén se utilizarán os foros para solucionar dúbidas.
- Realizaremos videoconferencias.
- As tarefas realizadas, unha vez corrixidas, serán devoltas ao alumando coas anotacións pertinentes.

6.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Criteria sobre a avaliación e cualificación

| | Estándares concretos | Expresión oral | Expresión escrita | Comprensión oral | Comprensión escrita | Traballo en equipo |
|-----------------------------|----------------------|----------------|-------------------|------------------|---------------------|--------------------|
| Primeira lingua estranxeira | 10 | 20 | 20 | 20 | 20 | 10 |

Este cadro aplicarase para a primeira, segunda e terceira avaliación. As cualificacións da avaliación final obteranse do seguinte xeito:

Estándares concretos: nota media das tres avaliacións

Subcompetencias: nota da terceira avaliación por ser este un proceso de avaliación continua.

En canto á avaliación dos estándares concretos valorarase un 80% as probas obxectivas orais e escritas ((actividades e conceptos) e un 20% o traballo en equipo .

Procedementos: Dentro dos criterios de avaliación establecidos na programación , podemos atopar os seguintes:

- 1.- OBSERVACIÓN DIRECTA,**
- 2. PROBAS ORAIS,**
- 3.-PROBAS ESCRITAS,**
- 4.-REVISIÓN DE TAREFAS**
- 5.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS LECTIVAS**

Instrumentos: Cada un destes apartados empregamos varios instrumentos

- 1.-** Cadros ou táboas con ítems concretos: actitudes, deberes, relacións,
 - comportamento, participación, probas.
 - Uso da biblioteca de inglés.
 - Riqueza do vocabulario.
- 2.-** Interpelacións cotiáns conceptuais na aula.
 - Cuestionarios directos.
 - Postas en común e/ou asembleas.
 - Comentarios orais sobre diversidade de textos escritos.
- 3.-** Probas obxectivas: de datos incompletos, de resposta corta, de elección, de correspondencias emparellamentos, de verdadeiro-falso.
 - Escritura de textos libres, redaccións, temas de desenrolo...
 - Resumes e sínteses de libros lidos ou lecturas. Textos comentados.
- 4.-** Cadernos o notas dos alumnos.
 - Seguimento de aprendizaxes de conceptos.
 - Deberes cotiáns e ocasionais. Fichas complementarias preparadas polo profesorado.

Propostas de traballo co ordenador.

Traballo puntuais recomendados polo profesorado Projects,

redaccións, producións escritas, etc.

5.-Asistencia ás actividades programadas complementarias ás actividades na clase.

- Fichas de traballo en torno á participación na actividade complementaria.
- Asistencia e participación en actividades relacionadas co fomento da lectura.

6. Interese pola Lengua e cultura inglesa.

- Participación na aula.
- Axuda aos compañeiros.

Cálculo da nota da avaliación ordinaria.

A avaliación será continua nas materias de Inglés

Criterios para avaliar as Competencias Clave

Cada área aporta, en distinto grao, ás competencias, polo que existe unha relación entre nota da área e a achega porcentual á competencia.

Desta relación, obviamente se establece que o cálculo da nota para cada unha das competencias sae da suma das achegas porcentuais de cada nota de área.

Criterios sobre a promoción

O alumnado promocionará sempre que acade o desenvolvemento das competencias clave e un axeitado grao de madurez. Tamén accederá ao nivel/etapa seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente as novas aprendizaxes.

Se non acadada as competencias claves nin o grao de madurez axeitado á súa idade permanecerá un ano máis no nivel/etapa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Cando un alumno ou unha alumna non promocione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

Deseño avaliación inicial

Ao comezo o curso escolar, realizarase unha reunión de traspaso de información entre o/a titor/a do curso anterior e o titor/a que terá o alumnado ese curso.

Consultaranse os informes individualizados do curso anterior.

Durante as primeiras semanas do curso escolar, levaranse a cabo as probas de avaliación inicial que consistirán en probas escritas e orais.

O obxectivo desta avaliación é coñecer o nivel dos alumnos/as nas seguintes competencias:

- Comprensión oral: un listening con un cuestionario con preguntas .
- Comprensión escrita: reading con cuestionario ou frases para completar.
- Expresión escrita: writing sobre vocabulario ou texto.

Expresión oral: proba oral de 5 minutos de duración como máximo, na que os alumnos/as expoñan un tema concreto acordado previamente.

Serán as mesma para todo o alumnado do curso, independentemente do grupo ao que estean adscritos. Terán como finalidade obter información sobre o grao de desenvolvemento das competencias e adecuar as ensinanzas ao alumnado, facilitando así a progresión no seu proceso de aprendizaxe. Tamén, a través da observación sistemática, valorarase as diferentes intervencións do alumnado ante o plantexamento de diferentes preguntas de maneira oral.

Nesta avaliación inicial detectaremos as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 19/20

Para o alumnado con materias suspensas do curso anterior realizarase un Plan de Reforzo de materias Suspensas (PRS) acorde aos resultados obtidos na avaliación inicial e ao informe do titor/ra do curso pasado.

7.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Dende a presente programación trataremos de dar resposta á diversidade de alumnado existente na nosa aula entendendo a atención á diversidade como o **conxunto de actuacións educativas** dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado coa finalidade de asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos/as. Constituirá, polo tanto, un principio fundamental que rexerá e estará moi presente ó longo da implementación desta programación.
- Tendo en conta esta premisa, tratarase de promover unha educación integral e personalizada, baseada nos valores do respecto mutuo e nunha actitude próxima e acolledora, atendendo á diversidade do alumnado xunto coa atención personalizada das necesidades de cada un que lles permita acadar o maior grao de desenvolvemento persoal e social, planificando propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás capacidades de cada alumno/a.
- Así, dun xeito máis concreto, para atender á diversidade existente na nosa aula, adoptaremos as seguintes medidas organizativas:
- - **Respectar o ritmo de traballo** de cada alumno/a adaptando o máximo posible as diferentes actividades ó seu nivel. Para iso terase en conta o punto de partida de cada alumno (concederáselle especial relevancia á información obtida na avaliación inicial de comezo de curso).
- - En función das necesidades percibidas, plantexaranse **actividades de reforzo e/ou ampliación** para aquel alumnado que o precise. Sempre que se perciba que un alumno/a presenta dificultades, buscaranse medidas de reforzo educativo para que o alumno poida comprender mellor os contidos abordados en cada momento.
- - A nivel xeral, trataranse de plantexar **actividades o máis funcionais e cercanas** para o alumnado. Deste xeito potencia-se unha aprendizaxe o máis significativa posible (aspecto fundamental para acadar unha aprendizaxe dos contidos do alumnado en xeral e do que máis dificultades ten en particular).
- - Á hora de facer as correccións precisas, empregarase unha combinación de **técnicas de corrección** das diferentes actividades: individuais (por parte do mestre), entre iguais (correccións grupais dunha actividade entre os diferentes membros dun grupo de traballo) e autocorrección (corrección da actividade por parte do propio alumno/a).
- - Fomentarase a **aprendizaxe entre iguais**, baseada na creación de parellas de alumnos/as entre os que se establece unha relación didáctica guiada polo mestre/a (un dos compañeiros desenvolve o rol de titor/a e o outro o de tiorado/a). Esta relación derívase do diferente nivel de competencia entre ambos compañeiros/as sobre un determinado contido curricular.
- - Adoptar métodos de **aprendizaxe cooperativos** como unha medida organizativa máis de atención á diversidade. Adoptaranse estratexias sistemáticas e estruturadas que teñan en común o

feito de que o mestre/a organice a clase en grupos heteroxéneos (de 4 a 6 alumnos/as por grupo), de modo que en cada grupo haxa alumnos/as de diferente nivel de rendemento, capacidade, sexo, etnia e grupo social, co obxectivo último de crear un ambiente colaborativo e de axuda entre iguais.

- - Na medida do posible, trataremos de satisfacer as necesidades educativas do noso alumnado no ambiente natural da aula ordinaria.
- O currículo fala exactamente, entre outras, de “ A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa. “
- A análise dos resultados será a base para determinar os seguintes aspectos:
- Agrupación dos alumnos/as: formación de catro grupos heteroxéneos de traballo.
- Reforzo educativo: concreción das medidas de reforzo individual ou en grupos dos alumno/as que o precisen, tanto dentro da aula coma fóra.

8.-CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO

O tratamento transversal da educación en valores pódese resumir na etapa de primaria en dous tipos de valores:

1. Referidos a valores sociais que configuran o sistema educativo dándolle unha dimensión ética, e que todos debemos coñecer e respectar, baseados nos valores, liberdades e dereitos constitucionais e nos dereitos humanos: igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, tolerancia, solidariedade, xustiza, equidade. Son importantes porque sustentan a práctica da cidadanía democrática.
2. Valores de tipo individual que hai que desenvolver nos/as alumnos/as, liberdade e responsabilidade persoal, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade, espírito emprendedor, vida saudable (hixiene, dieta, actividade deportiva), educación viaria, desenvolvemento sostible e medio ambiente, riscos derivados do uso das TIC,...

Os elementos transversais, presentes en todas as áreas, están compostos por coñecementos, destrezas e sobre todo actitudes, polo que serán traballados a través da propia experiencia do alumnado que fan dos valores que intentamos transmitir e dos resultados e consecuencias que obteñen de dita experiencia.

O profesorado terá en conta en toda a actuación educativa estes elementos transversais: á hora de organizar a aula, de seleccionar lecturas e materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar aos alumnos/as, de seleccionar estratexias que permitan a colaboración, o protagonismo do alumnado.

Algunhas das estratexias que levaremos a cabo na aula serán: asembleas, diálogos e xogos de rol playing, adestramento en habilidades sociais, dinámicas de grupo, análise de situacións con valores en conflito, mediación na resolución de conflitos, visionado e análise de vídeos seleccionados para traballar valores... Desde o centro, o tratamento transversal dos valores, está integrado en diferentes plans, programas e proxectos como son:

a) PLAN TIC: EDIXGAL

EDIXGAL

O curso de 6º de primaria forma parte do proxecto EDIXGAL polo que desenvolverán a súa actividade educativa diaria nun entorno virtual de aprendizaxe (plataforma EVA) que lles vai permitir acceder a contidos dixitais.

Os docentes poderán seleccionar a través da plataforma dixital os contidos formativos e poderán incorporar os materiais complementarios que desexen, así como contidos de elaboración propia.

Os obxectivos que se pretende que acade o alumnado son os seguintes:

- Realizar as aprendizaxes na aula utilizando o entorno virtual de aprendizaxe.
- Contribuír ao proceso de alfabetización dixital: crear presentacións, realizar traballos co procesador de texto, con imaxes, utilizar Internet para a procura de información...
- Adquirir estratexias na busca de información co fin de obter aprendizaxes significativas.
- Desenvolver o sentido crítico con respecto ás distintas informacións ás que se accede.
- Realizar traballos cooperativos.
- Adquirir novas estratexias para expoñer os coñecementos co fin de que sexa máis motivador, tanto para o que expón como para o que recibe a información.

Para conseguir estes obxectivos utilizaremos:

- O EDI
- Os ordenadores Edixgal do alumnado.
- Todo o material da plataforma EVA.
- A páxina web e a Aula Virtual do Centro .

b) PROXECTO LINGÜÍSTICO

Os obxectivos principais do proxecto lingüístico para o fomento da lingua galega baséanse en:

- Adquirir de forma oral e escrita a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso.
- Erradicar o emprego sexista da lingua galega e castelá en todos os ámbitos.

Participaremos nas actividades propostas polo Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega para desenvolver o Plan de Fomento do uso do galego. Entre as actividades destacamos:

- Obras teatrais.
- Sesións de contacontos.
- Concursos literarios.
- Charlas, roteiros...

| Planing de actividades * | 1º trimestre | 2º trimestre | 3º trimestre |
|---------------------------|--------------|--------------|--------------|
| Magosto | x | | |
| Samaín | x | | |
| PDI O RÍO LÉREZ | x | x | x |
| O Entroido | | x | |
| O horto escolar | x | x | x |
| Semana da prensa | | x | |
| Salón do Libro | | x | |
| Día do Libro | | | x |
| Semana das Letras Galegas | | | x |

* Este ano as actividades realizaranse a nivel aula para evitar o contacto con outros grupos.

c) PROXECTO LECTOR

Traballarse o proxecto que a biblioteca determine para este curso escolar.

Obxectivos

- Desenvolver estratexias de busca e selección da información.
- Coñecer as características de distintos tipos de texto e formatos.
- Empregar as TIC para obter información.
- Desenvolver a expresión oral e escrita.

Actividades a realizar:

- Lecturas recomendadas para cada unidade.
- Préstamo de libros para casa.
- Lectura colectiva de distintos tipos de texto.
- Ademais das lecturas recomendadas para cada unidade, recomendaranse outras que estean na Biblioteca do Centro.
- Todas as actividades previstas polo equipo de dinamización de la biblioteca.

O alumnado adicará todos os días unha sesión de vinte minutos a ler na aula.

Para seguir fomentando o uso da biblioteca, o alumnado de ...6º... contará cunha sesión semanal na mesma para realizar actividades relacionadas coa busca, consulta e selección de información nas investigacións dos distintos proxectos de centro e de aula.

c) PLAN FOMENTO HÁBITOS VIDA SAUDABLES.

| Actividade | Data |
|--|----------------------|
| Martes da froita: anotarase nun cadro o alumnado que consume froita. | Todo o ano |
| Participación en sesións prácticas de diferentes disciplinas realizadas por deportistas que as practican para animar ao alumnado a realizar estes deportes. | Todo o ano |
| Realización de hábitos de aseo ao rematar a sesión de Educación Física: <ul style="list-style-type: none"> • Aseo e cambio de camiseta e calcetíns. Este curso non se realizará a ducha debido á situación creada pola covid 19 | Todo o ano |
| Realización de quecementos antes da actividade física para evitar lesións. | Todo o ano |
| Recomendacións ás familias nas reunións conxuntas de tutoría sobre hábitos de sono, hixiene, uso de crema solar, hixiene postural. | Reunións trimestrais |

d) PLAN PROXECTA: ALIMÉNTATE BEN

Participaremos no apartado “Almorzos saudables, a importancia do almorzo”

Consiste na realización dunha charla formativa e motivacional, por persoal técnico da Xefatura Territorial de Sanidade que se complementa cunha parte práctica, o consumo dun almorzo saudable elaborado previamente.

9.-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

| Connmemoracións | Data prevista |
|---|------------------------------------|
| Día Universal da Infancia. | 20 de novembro |
| Día Internacional contra a Violencia de Xénero. | 25 de novembro |
| Día Internacional das Persoas con Discapacidade. | 3 de decembro |
| Connmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. | Do 30 de novembro ao 7 de decembro |

| | |
|---|----------------------|
| Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos | 10 de decembro |
| Día Internacional da Educación | 24 de xaneiro |
| Día Escolar da non Violencia e da Paz. | 30 de xaneiro |
| Día de Rosalía de Castro | 24 de febreiro |
| Día Internacional da Muller. | 8 de marzo |
| Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. | 15 de marzo |
| Semana da Prensa. Nesta semana traballarase na aula con xornais. | Do 7 ao 11 de marzo |
| Día Mundial da Saúde. | 7 de abril |
| Semana do Libro. | Do 18 ao 22 de abril |
| Día Internacional contra o Acoso Escolar. | 2 de maio |
| Día de Europa. | 9 de maio |
| Día mundial do Medio Ambiente. | 5 de xuño |
| Día pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. | Mes de xuño |

| Celebracións | Data prevista |
|-------------------------|---|
| *Faranse na aula | |
| Samaín/Halloween | 31 outubro |
| Magosto | Mes de outubro |
| Nadal / Christmas | 21 decembro |
| Entroido/ Carnival | 1 de marzo |
| Easter | 22 de marzo |
| Letras Galegas | Semana das Letras Galegas |
| Festival | Se a situación epidemiolóxica o permite |
| Festa fin de curso | 21 xuño |

| Saídas e actividades | Data prevista |
|---|----------------------|
| * Sempre que a situación sanitaria o permita | |
| Saídas para observación da contorna (illa esculturas, o río Lérez...) | Todo o curso |
| Sesións contacontos, encontros con escritores... | Todo o ano |
| Saídas ao teatro A Banca/ Pazo Cultura | Todo o curso |
| Actividades ofertadas: Concello/Deputación/ Biblioteca pública ... | Todo o curso |

10.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos na programación, introducándose as medidas correctoras oportunas.

O obxectivo desta avaliación será a de analizar cunha periodicidade trimestral a adecuación da programación á realidade do curso e deseñar as modificacións pertinentes cara ao vindeiro curso.

O proceso a seguir será o seguinte:

- Análise e avaliación nas reunións, unha vez ao trimestre, do profesorado de 6º de primaria.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria Final de curso reflectindo os logros e dificultades atopadas, así coma os aspectos que incidiron positiva ou negativamente no desenvolvemento da programación.

Algúns dos instrumentos que utilizaremos serán: cuestionarios, entrevistas, observación directa, análise de tarefas, etc.

En relación a programación:

Con respecto ao **contexto**:

| | SI | NON |
|---|----|-----|
| As estratexias establecidas para informar a comunidade educativa deron o resultado esperado e houbo unha boa participación por parte desta. | | |
| Os recursos existentes do medio e apoios externos foron funcionais nas estratexias de coordinación establecidas. | | |
| A coordinación coa familia contou cunha boa colaboración desta última. | | |
| A coordinación coas administracións locais e apoios externos permitiu conseguir as finalidades propostas. | | |
| A comunidade educativa participou activamente en festas e talleres establecidos durante o curso escolar. | | |

Con respecto ao **Centro**:

| | SI | NON |
|---|----|-----|
| Os aspectos establecidos nos documentos organizativos aseguraron a integración e desenvolvemento dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo. | | |
| A información transmitida a titores e profesores foi axeitada e serviu para que o seu traballo cos alumnos fose individualizado e adecuado ás súas necesidades específicas. | | |
| As vías de coordinación establecidas, a nivel interno, permitiron a posta en práctica das medidas de atención á diversidade. | | |
| Os recursos do centro apoiaron a formación do profesorado no seu traballo respecto aos alumnos con necesidades específicas. | | |
| A organización dos tempos permitiu o apoio aos alumnos nunha situación o máis normalizada posible. | | |
| A información obtida, a nivel da acción titorial, foi suficiente para atender ás necesidades dos alumnos. | | |
| O proceso de avaliación permitiu valorar de xeito obxectivo o proceso de ensino e de aprendizaxe. | | |

Con respecto aos **alumnado**:

| | SI | NON |
|--|----|-----|
| Adquiriron un coñecemento axeitado das necesidades dos seus compañeiros. | | |

| | | |
|--|--|--|
| As actividades programadas a nivel de centro favoreceron o desenvolvemento nos alumnos de habilidades e actitudes axustadas. | | |
| Os alumnos utilizaron funcionalmente o material establecido máis especificamente para eles. | | |
| Mostran interese e curiosidade nas actividades que se lles formulan | | |
| Manifestan habilidades no uso das TIC | | |

Ao remate de cada trimestre haberá unha posta en común de todos os compoñentes do nivel para avaliar a través deste CUESTIONARIO a programación.

| CRITERIOS | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| Os obxectivos corresponden ao currículo de 6º de primaria. | | | | |
| Adecuación dos obxectivos ás características do alumnado. | | | | |
| Contribución da materia ás competencias básicas. | | | | |
| A selección de contidos da área está de acordo co desenvolvemento evolutivo do alumnado. | | | | |
| Os criterios de avaliación correspóndense cos obxectivos. | | | | |
| Os procedementos de avaliación utilizados adecúanse ao alumnado e á materia. | | | | |
| Os aprendizaxes básicos para alcanzar unha avaliación positiva son congruentes cos obxectivos. | | | | |
| A metodoloxía utilizada na área favorece as aprendizaxes do alumnado. | | | | |
| Os materiais curriculares utilizados facilitan unha aprendizaxe significativa e funcional. | | | | |
| As decisións tomadas en relación coa lectura contribúen ao seu desenvolvemento. | | | | |
| A aplicación das estratexias de comprensión lectora axudan ao alumnado a desenvolver o hábito lector. | | | | |
| Utilízanse as TICs no traballo dentro da aula. | | | | |
| Prográmanse variedade de actividades complementarias e extraescolares. | | | | |
| Existen mecanismos favorecedores das normas de convivencia que permitan un desenvolvemento axeitado das actividades de clase. | | | | |

1. Desacordo co cumprimento do criterio.
2. O criterio cúmprese parcialmente.
3. O criterio cúmprese suficientemente.
4. Estase de acordo co cumprimento do criterio.

A programación revisarase cunha periodicidade trimestral, os resultados se reflectirán nas memorias. En caso de se detectar algún cambio significativo nas mesmas, que supoña ter que facer variacións importantes, informarase deles á xefatura de estudos, para comunicalos á inspección educativa. O procedemento usado para avaliar a adecuación da programación será a autoavaliación

| AUTOAVALIACIÓN: | SI | NON |
|--|----|-----|
| A organización que levei a cabo na programación permitíume conseguir os obxectivos propostos. | | |
| A elaboración dos documentos do centro, vías de coordinación, entrevistas, ... apoiou o funcionamento do centro, formación de profesores, implicación da familia, comunidade educativa e a atención ás necesidades específicas de apoio educativo dos alumnos. | | |
| A organización que establecín nos programas foi a adecuada respecto aos propios alumnos e axentes educativos implicados nestes. | | |

PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN FÍSICA

6º DE PRIMARIA

CEIP A XUNQUEIRA I

CURSO 2021- 2022

Berta M^a Brea González

Índice

| | |
|--|-----------|
| INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN..... | 2 |
| TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A ÁREA, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE..... | 3 |
| CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO..... | 16 |
| MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 18 |
| CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO..... | 18 |
| ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS..... | 21 |
| INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE..... | 22 |
| ANEXO I RÚBRICAS..... | 24 |

Introdución e contextualización.

Este curso contamos, en 6º de Primaria, con dúas aulas.

- 6º A está formado por 23 alumnos/as, 13 nenas e 10 nenos
- 6º B está formado por 25 alumnos/as, 10 nenas e 15 nenos.

Catro alumnos/as pasaron a 6º de Primaria por imperativo legal sen lograr a adquisición das competencias básicas.

Comezou unha alumna nova na aula de 6ºA

Este año están misturados os alumnos respecto ao curso pasado xa que temos dúas aulas en lugar de tres.

Os deportes que practica o alumnado son:

- Fútbol (6)
- Atletismo (2)
- Natación (1)
- Ximnasia rítmica (2)
- Ballet (1)
- Balomán (2)
- Baloncesto (3)
- Ténis (1)
- Pádel (2)
- Zumba (1)
- Kick boxing (1)
- Taekwondo (1)
- Loita (1)
- Volei (2)

Hai 23 alumnos/as que non practican ningún deporte.

TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A ÁREA, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE.

| ÁREA EDUCACIÓN FÍSICA | | | | | | | | CURSO SEXTO |
|---------------------------|-----------------------|---|---|--|--|---------------------|--|-------------|
| BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS | | | | | | | | |
| Temporalización | Obx | Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Grao mínimo para superar área | Competencias Clave | Procedemento avaliación | % |
| Todos trimestres | a c d k m | B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais. B1.2. Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas. B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio. | B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais. | EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. | Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. | CSC CAA CSIEE | Observación: Escala observación Anecdotario Intercambios orais: Posta en común | 2 |
| | | | | EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento. | Explica as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento. | CCL CAA CSC | Observación: Anecdotario Lista control Intercambios orais: Posta en común | 2 |
| | | | | EFB1.1.3 Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. | Recoñece as condutas inapropiadas na práctica deportiva | CSC CAA CSIEE | Observación: Lista control (si, non) | 2 |
| | | | | EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. | Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. | CSC CSIEE CAA | Observación: Lista control (si, non) Anecdotario | 3 |
| Todos trimestres | i | B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. B1.6. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. | B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. | EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. | Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. | CD CAA | Análise producións: Traballos escritos. | 2 |
| | | | | EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación. | Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación. | CCL CD CAA | Análise producións: Traballos escritos. | 2 |

| | | | | | | | | |
|------------------|------------------|--|--|--|--|----------------------|--|---|
| | | | | EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. | Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. | CCL CSC | Observación: Escala observación (sempre, nunca, as veces) | 2 |
| Todos trimestres | a k l m | B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas. B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas. | B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. | EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz. | Ten interese por mellorar a competencia motriz. | CSC CAA | Observación: Lista control (si/non) | 3 |
| | | | | EFB1.3.2. Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. | Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. | CSIEE CAA CCEC | Observación: Lista control (si/non) | 2 |
| | | | | EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | Dúchase ao finalizar a sesión | CSC CSIEE CAA | Observación: Lista control (si/non) | 3 |
| | | | | EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. | Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases | CSC | Observación: Lista control (si/non) | 1 |
| | | | | EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. | Incorpórase sen protestar ao grupo que se lle asigna e aceptando os resultados obtidos nos xogos e deportes. | CSC CAA | Observación: Lista control (si/non) Registro anecdótico. | 3 |
| | | | | EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. | Respecta as normas de educación viaria cando se realiza unha saída. | CSC CAA | Observación: Registro anecdótico | 1 |

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

| Temporalización | Obx | Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Grao mínimo para superar área | Competencias Clave | Procedemento avaliación | % |
|------------------|-------------|---|---|---|--|---------------------|--|---|
| Todos trimestres | b k m | B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente. B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas. B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas | B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica. | EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. | Non discrimina nin se burla dos compañeiros/as polo seu aspecto físico ou polas súas capacidades motrices, expresivas ou rítmicas. | CSC CAA | Observación: Lista control (si/non) Anecdótico | 3 |
| | | | | EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. | Toma conciencia das esixencias dun novo aprendizaxe | CSC CAA CSIEE | Observación: Lista control (si/non) Anecdótico | 3 |

| | | realistas de éxito. | | | | | | |
|---------------------------------------|-------------|--|---|--|--|-----------------------------|--------------------------------------|---|
| BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES | | | | | | | | |
| Temporalización | Obx | Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Grao mínimo para superar área | Competencias Clave | Procedemento avaliación | % |
| Todos trimestres | b j k | B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade. B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións. B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural. B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción. B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas. B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais. B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación. B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no | B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. | Realiza distintos tipos de desprazamentos de forma coordinada no espazo e tempo intentando non perder o equilibrio e os utiliza en actividades físico deportivas e artístico – expresivas. | CSC CCEC CAA CSIEE | Rúbrica probas de capacidade motriz. | 2 |
| | | | | EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. | Realiza distintos tipos de saltos de forma coordinada no espazo e tempo intentando non perder o equilibrio e os utiliza en actividades físico deportivas e artístico – expresivas. | CSC CCEC CAA CSIEE | Rúbrica probas de capacidade motriz. | 2 |
| | | | | EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes. | Realiza accións estáticas e dinámicas de lanzamento, recepción, golpeo (con e sen implementos) de forma coordinada empregando os segmentos dominantes, iniciándose no emprego dos non dominantes e as utiliza en actividades físico deportivas e artístico – expresivas. | CSC CCEC CAA CSIEE | Rúbrica probas de capacidade motriz. | 2 |
| | | | | EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. | Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas. | CSC CCEC CAA CSIEE | Rúbrica probas de capacidade motriz. | 2 |
| | | | | EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en | Mantén o equilibrio en | CSC | Rúbrica probas de | 2 |

| | | | | | | | | |
|--|--|----------------------|--|---|---|---------------------|--------------------------------------|---|
| | | nivel de habilidade. | | diferentes posicións e superficies. | diferentes posicións e superficies. | CAA CSIEE | capacidade motriz. | |
| | | | | EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades. | Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades. | CSC CAA CSIEE | Rúbrica probas de capacidade motriz. | 2 |

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS

| Temporalización | Obx | Contidos | Critérios avaliación | Estándares aprendizaxe | Grao mínimo para superar área | Competencias Clave | Procedemento avaliación | % |
|-------------------|----------------------------|---|--|--|--|-----------------------------|---|---|
| Segundo trimestre | b d j k m o | B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal. B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo). B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento. B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo. B4.5. Participación na | B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.B4.1. | EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos. | Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos individualmente, en parellas ou en grupos | CCEC CAA CSC CSIEE | Análise producións artísticas Anecdótico | 2 |
| | | | | EFB4.1.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. | Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. | CCEC CAA CSC | Lista control Anecdótico | 2 |
| | | | | EFB4.1.3. Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. | Leva a cabo bailes e danzas seguindo unha coreografía básica. | CMCCT CSC CAA | Análise producións artísticas Anecdótico | 2 |
| | | | | EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos. | Participa activamente na creación de coreografías en grupo empregando os seus recursos expresivos e rítmicos. | CMCCT CAA CSC | Análise producións artísticas Anecdótico | 3 |

| | | | | | | | | |
|------------------|--|---|--|--|---------------------|--|---|--|
| | | composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas. | | | | | | |
| b d j k | B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico-expresivas. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. | B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas. | EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas. | Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas. | CMCCT CSC CAA | Intercambios orais (posta en común) Lista control | 1 | |
| | | | EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas. | Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas. | CMCCT CAA CSC | Intercambios orais (posta en común) Lista control | 2 | |

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE

| Temporalización | Obx | Contidos | Critérios avaliación | Estándares aprendizaxe | Grao mínimo para superar área | Competencias Clave | Procedemento avaliación | % |
|------------------|-------------|--|--|--|--|------------------------------------|--|---|
| Todos trimestres | a b k | B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio). B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adición ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde. | B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo. | EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas. | Ten interese por mellorar as capacidades físicas. | CSIEE CAA | Observación: Lista control (si/non) | 3 |
| | | | | EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). | Recoñece hábitos saudables de alimentación. | CSC CAA CMCT | Intercambios orais: Posta en común Observación: Lista control (si/non) | 1 |
| | | | | EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.. | Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada | CSC CAA CSIEE | Observación: Lista control (si/non) Aneccdotario | 2 |
| | | | | EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. | Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. | CSC CAA CCL CSIEE CMCT | Observación: Lista control (si/non) | 2 |

| | | | | | | | | |
|------------------|---|--|--|--|--|----------------------------|--|---|
| | | B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións. | | EFB5.1.5. Realiza os quecementsos de forma autónoma e sistemática. | Realiza os quecementsos de forma autónoma e sistemática. | CSC CAA CSIEE | Observación: Lista control (si/non) | 2 |
| Todos trimestres | k | B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico. | B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde. | EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. | Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas. | CSIEE CAA | Rúbrica probas de capacidade motriz. | 3 |
| | | | | EFB5.2.2. Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo. | Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo. | CSC CAA CMCT | Observación: Lista control (si/non) Análise producións (resolución exercicios) | 1 |
| | | | | EFB5.2.3. Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade. | Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade. | CSC CAA CSIEE | Observación: Lista control (si/non) | 2 |
| | | | | EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes a súa idade. | Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración | CAA CMCCT CSC | Observación: Lista control (si/non) | 1 |
| Todos trimestres | k | B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos. | B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física. | EFB5.3.1. Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios básicos. | Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns. Coñece primeiros auxilios básicos. | CCL CAA CSC CMCCT | Intercambios orais: Posta en común Análise producións (resolución exercicios) | 1 |

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

| Temporalización | Obx | Contidos | Criterios avaliación | Estándares aprendizaxe | Grao mínimo para superar área | Competencias Clave | Procedemento avaliación | % |
|------------------|------------------|--|---|---|--|---------------------|------------------------------------|---|
| Todos trimestres | a b k m | B6..1 Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo | B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e | EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices. | Utiliza recursos tácticos básicos individuais e colectivos en diferentes situacións | CSC CSIEE CAA | Observación: Escala observación | 2 |
| | | | | EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais. | Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo- | CAA CSIEE CSC | Observación: Escala observación | 3 |

| | | limpo. | actividades | | temporais. | | | |
|--------------------|------------------|---|--|---|---|----------------------------|---|---|
| Primeiro trimestre | d k m o | B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente. B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas. | B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. | EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. | Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. | CCL CCEC CAA CSC | Intercambios orais: Posta en común Análise producións (traballo investigación) | 2 |
| | | | | EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. | Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. | CCEC CAA CSC | Intercambios orais: Posta en común Análise producións (traballo investigación) | 2 |
| | | | | EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes. | Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes. | CCEC CAA CSC | Observación: Escala observación | 3 |
| Todos trimestres | a b k | B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. | B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas. | EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. | Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. | CMCCT CSC CAA | Intercambios orais: Posta en común Observación: Escala observación | 2 |
| | | | | EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. | Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices | CMCCT CAA CSC | Intercambios orais: Posta en común Observación: Escala observación | 3 |
| | | | | EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. | Recoñece as estratexias de cooperación e de oposición que se presentan nos xogos e deportes nos que participa. | CMCCT CAA CSC | Intercambios orais: Posta en común Observación: Escala observación Probas escritas | 2 |
| | | | | EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza. | Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor | CMCCT CCL CSC CAA | Intercambios orais: Posta en común Observación: Escala observación Probas escritas | 3 |
| | k m o | B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento | B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa | EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural. | Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural. | CSC CAA | Observación: Escala observación | 1 |
| | | | | EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais | Utiliza os espazos naturais | CSC | Rexistro anecdótico | 1 |

| | | | | | | | |
|--|--|---------------|---|---|-----|--|--|
| | de xogos de orientación. B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia. B6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza. | preservación. | respectando a flora e a fauna do lugar. | respectando a flora e a fauna do lugar. | CAA | | |
|--|--|---------------|---|---|-----|--|--|

BLOQUE 1 (CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA): 28 %

BLOQUE 2 (O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN): 6 %


BLOQUE 3 (HABILIDADES MOTRICES) 12 %

BLOQUE 4 (ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS): 12 %

BLOQUE 5 (ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE) 18 %

BLOQUE 6 (OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS): 24 %

Contribución da materia de EF á adquisición das competencias.



| TEMPORALIZACIÓN | |
|-----------------|---|
| 1º TRIMESTRE | Condición Física * Acrosport. Xogos Populares. Xogos con material alternativo. Primeiros auxilios e alimentación. |
| 2º TRIMESTRE | Atletismo. Expresión Corporal. Actividades con balóns. |
| 3º TRIMESTRE | Bádminton. Floorball Orientación. |

* As probas de condición física faranse no primeiro trimestre, cando recibamos o material para pasar as probas DAFIS

Cadro resumo

| Criterios Avaliación | Estandar de aprendizaxe | Peso calificativo % | Temporalización | | | Estándar de aprendizaxe avaliable 5º | Grao mínimo de consecución | Instrumento |
|----------------------|-------------------------|---------------------|-----------------|------|------|--|----------------------------|---|
| | | | 1º T | 2º T | 3º T | | | |
| B1.1. | E.F.B1.1.1 | 1 | x | x | x | Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. | 50% | Escala observación/Anecdótico |
| B1.1. | E.F.B1.1.2 | 1 | x | x | x | Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento. | 50% | Anecdótico/Lista control |
| B1.1. | E.F.B1.1.3 | 3 | x | x | x | Intenta solucionar de forma razoable os conflitos que xorden nos xogos e actividades motrices nos que participa | 100% | Lista control/anecdótico |
| B1.1. | E.F.B1.1.4 | 2 | x | x | x | Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva | 100% | Lista control |
| B1.1. | E.F.B1.1.5 | 2 | x | x | x | Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. | 50% | Lista control |
| B1.2. | E.F.B1.2.1 | 2 | x | x | x | Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. | 100% | Rúbrica /análise producións |
| B1.2. | E.F.B1.2.2 | 2 | x | x | x | Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación. | 100% | Rúbrica análise producións |
| B1.2. | E.F.B1.2.3 | 2 | x | x | x | Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. | 100% | Lista control |
| B1.3. | E.F.B1.3.1 | 3 | x | x | x | Ten interese por mellorar a competencia motriz. | 100% | Lista control |
| B1.3. | E.F.B1.3.2 | 2 | x | x | x | Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. | 50% | Lista control |
| B1.3. | E.F.B1.3.3 | 3 | x | x | x | Dúchase ao finalizar a sesión | 100% | Lista control |
| B1.3. | E.F.B1.3.4 | 1 | x | x | x | Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases | 100% | Lista control |
| B1.3. | E.F.B1.3.5 | 3 | x | x | x | Incorpórase sen protestar ao grupo que se lle asigna e aceptando os resultados obtidos nos xogos e deportes. | 100% | Lista control/Anecdótico |
| B1.3. | E.F.B1.3.6 | 1 | x | x | x | Respecta as normas de educación viaria cando se realiza unha saída. | 100% | Lista control/Anecdótico |
| B2.1. | E.F.B2.1.1 | 3 | x | x | x | Non discrimina nin se burla dos compañeiros/as polo seu aspecto físico ou polas súas capacidades motrices, expresivas ou rítmicas. | 100% | Lista control/Anecdótico |
| B2.1. | E.F.B2.1.2 | 3 | x | x | x | Toma conciencia das esixencias dun novo aprendizaxe | 50% | Lista control/Anecdótico |
| B3.1. | E.F.B3.1.1 | 2 | x | x | x | Realiza distintos tipos de desprazamentos de forma coordinada no espazo e tempo intentando non perder o equilibrio e os utiliza en actividades físico deportivas e artístico – expresivas. | 50% | Rúbrica probas capacidade motriz |
| B3.1. | E.F.B3.1.2 | 2 | x | x | x | Realiza distintos tipos de saltos de forma coordinada no espazo e tempo intentando non perder o equilibrio e os utiliza en actividades físico deportivas e artístico – expresivas. | 50% | Rúbrica probas capacidade motriz |
| B3.1. | E.F.B3.1.3 | 2 | x | x | x | Realiza accións estáticas e dinámicas de lanzamento, recepción, golpeo (con e sen implementos) de forma coordinada empregando os segmentos dominantes, iniciándose no emprego dos non dominantes e as utiliza en actividades físico deportivas e artístico – expresivas. | 50% | Rúbrica probas capacidade motriz |
| B3.1. | E.F.B3.1.4 | 2 | x | x | x | Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas. | 50% | Rúbrica probas capacidade motriz |
| B3.1. | E.F.B3.1.5 | 2 | x | x | x | Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. | 50% | Rúbrica probas capacidade motriz |
| B3.1. | E.F.B3.1.6 | 2 | x | x | | Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades. | 50% | Rúbrica probas capacidade motriz |
| B4.1. | E.F.B4.1.1 | 2 | | x | | Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos individualmente, en parellas ou en grupos | 50% | Rúbrica análise producións artísticas /Anecdótico |
| B4.1. | E.F.B4.1.2 | 2 | | x | | Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. | 50% | Lista control/Anecdótico |
| B4.1. | E.F.B4.1.3 | 2 | | x | | Leva a cabo bailes e danzas seguindo unha coreografía básica. | 100% | Rúbrica análise producións artísticas /Anecdótico |

| | | | | | | | | |
|-------|------------|---|---|---|---|--|------|---|
| B4.1. | E.F.B4.1.4 | 3 | | x | | Participa activamente na creación de coreografías en grupo empregando os seus recursos expresivos e rítmicos. | 100% | Rúbrica análise producións artísticas /Anecdótico |
| B4.2. | E.F.B4.2.1 | 1 | | x | | Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas. | 50% | Lista control |
| B4.2. | E.F.B4.2.2 | 2 | | x | | Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas. | 50% | Lista control |
| B5.1 | E.F.B5.1.1 | 3 | x | x | x | Ten interese por mellorar as capacidades físicas. | 100% | Lista control |
| B5.1 | E.F.B5.1.2 | 1 | x | | | Recoñece hábitos saudables de alimentación. | 100% | Lista control |
| B5.1 | E.F.B5.1.3 | 2 | x | x | x | Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada | 100% | Lista control |
| B5.1 | E.F.B5.1.4 | 3 | x | x | x | Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. . | 100% | Lista control |
| B5.1 | E.F.B5.1.5 | 2 | x | x | x | Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática. | 100% | Lista control |
| B5.2 | E.F.B5.2.1 | 3 | x | x | x | Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas. | 100% | Rúbrica CFB |
| B5.2 | E.F.B5.2.2 | 1 | x | | | Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo. | 50% | Lista control/resolución ex |
| B5.2 | E.F.B5.2.3 | 2 | x | x | x | Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade. | 50% | Lista control |
| B5.3 | E.F.B5.3.1 | 1 | x | | | Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns. Coñece primeiros auxilios básicos. | 50% | Lista control/resolución ex |
| B6.1 | E.F.B6.1.1 | 2 | x | x | x | Utiliza recursos tácticos básicos individuais e colectivos en diferentes situacións | 100% | Escala observación |
| B6.1 | E.F.B6.1.2 | 3 | x | x | x | Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais. | 100% | Escala observación |
| B6.2 | E.F.B6.2.1 | 2 | x | x | x | Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. | 100% | Rúbrica análise producións |
| B6.2 | E.F.B6.2.2 | 2 | x | | | Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. | 50% | Rúbrica análise producións |
| B6.2 | E.F.B6.2.3 | 3 | x | | | Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes. | 100% | Rúbrica probas capacidade motriz |
| B6.3 | E.F.B6.3.1 | 2 | x | x | x | Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. | 50% | Escala observación |
| B6.3 | E.F.B6.3.2 | 3 | x | x | x | Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices | 50% | Escala observación |
| B6.3 | E.F.B6.3.3 | 2 | x | x | x | Recoñece as estratexias de cooperación e de oposición que se presentan nos xogos e deportes nos que participa. | 100% | Escala observación/Proba escrita |
| B6.3 | E.F.B6.3.4 | 3 | x | x | x | Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor | 100% | Escala observación/Proba escrita |
| B6.4 | E.F.B6.4.1 | 1 | x | x | x | Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural. | 100% | Escala observación |
| B6.4 | E.F.B6.4.2 | 1 | x | x | x | Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar. | 100% | Anecdótico |

METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.

A programación ofrece tamén orientacións sobre como adaptar o currículo, de maneira que se adapte ao novo escenario e recolla as consecuencias que puideron derivarse da situación de confinamento, incluíndo a dimensión emocional, a competencia dixital ou as medidas de seguridade e hixiene.

Con todo, as programacións didácticas establecerán as medidas metodolóxicas e organizativas, sempre dende o principio de inclusión, que favorezan o desenvolvemento do alumnado. Con carácter xeral, teranse en conta os seguintes principios metodolóxicas, entre outros:

- O prantexamento de tarefas e actividades abertas para o desenvolvemento do pensamento eficaz, crítico e creativo. Ensinar a pensar.
- As actividades de investigación, a aprendizaxe por proxectos de traballo e as tarefas competenciais.
- O desenvolvemento interdisciplinar das programacións de distintas materias que faciliten a interrelación das aprendizaxes.
- A utilización de métodos e tarefas globalizados, como son os centros de interese, os proxectos, as tarefas competenciais ou a aprendizaxe baseada en retos.
- O uso das tecnoloxías como recurso didáctico.
- A aplicación da gamificación que favoreza a motivación e a aprendizaxe.
- A realización das actividades de aprendizaxe con relación ao entorno social e natural.
- O desenvolvemento de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa.

Espazos

O espazo dispoñible para realizar a actividade de Educación Física e o seguinte:

- Ximnasio con vestiarios masculino e feminino.
- Pavillón cuberto con vestiarios masculino e feminino.
- Pistas exteriores con campos marcados
- Aulas dotadas con equipamento Edixgal.

Materiais

Os principais materiais e recursos a empregar, ademais de aqueles que sexan axeitados e propicien o mellor desenvolvemento de cada unidade didáctica, son os seguintes:

- Recursos do proxecto E-Dixgal

No curso Educación Física 6º subirei a parte teórica a desenvolver en cada unidade didáctica, vídeos explicativos, actividades interactivas, cuestionarios, tarefas...

- Materiais convencionais

Utilizarase todo tipo de materiais que cumpran as normas de seguridade: Pequeno material, gran material, fixo, móbil, material alternativo, reciclado, funxible, audiovisual, etc...

Hai gran número de material (balóns de psicomotricidade, de baloncesto, fútbol, pelotas de tenis, cordas, aros, picas, colchóns, bancos, suecos, raquetas de bádminton, volantes, sticks...). Este material será para uso individual e limparase despois de cada uso.

O alumnado elaborará o seu propio material para as sesión de xogos alternativos.

- Material audiovisuais

Utilizaremos músicas diferentes para as coreografías e danzas, tamén a cámara de fotos e vídeo para gravar a execución de diferentes tarefas e poder avalialas.

Metodoloxía actividade lectiva non presencial.

A transición do ensino presencial ao non presencial vese condicionada polas características específicas da materia de Educación Física na que predominan as actividades motrices nas sesións prácticas de traballo e o emprego de probas de execución motriz como instrumentos de avaliación.

Outro factor a ter en conta para realizar esta transición son as limitacións que pode ter o alumnado para acceder a determinados materiais deportivos (balóns, cordas, implementos de golpeo...) non ensino non presencial, así e como o espazo do que dispoñan nos seus domicilios para a realización das actividades físicas.

Debido a estes elementos, a transición á actividade lectiva non presencial levará asociada cambios relevantes na formulación das sesións prácticas de traballo, adaptacións nalgunhas probas de execución motriz e incluso a modificación dos instrumentos empregados para a avaliación dalgúns dos contidos da materia.

No caso de que teña que levarse a cabo unha actividade lectiva non presencial, poderá modificarse a orde prevista de realización das unidades didácticas realizando neste período lectivo aquelas que precisen a utilización de menos recursos espaciais e materiais.

Utilizaremos o curso “Educación Física 6º” da plataforma EVA-Edixgal, curso que tamén utilizaremos durante o ensino presencial para traballar algúns contidos teóricos.

O curso está organizado nas distintas unidades didácticas recollidas nesta programación, en cada unha delas facilitarase ao alumnado:

- Información sobre os aspectos teóricos e execucións prácticas dos contidos traballados na unidade; páxinas de texto, vídeos, enlaces a páxinas web, músicas...
- Sesións prácticas; proposta de exercicios motrices e actividades físicas para traballar os contidos prácticos da unidade. As actividades previstas para as sesións prácticas presenciais adaptaranse na medida do posible tendo en conta o espazo e material do que dispón o alumnado.

No período de actividade lectiva non presencial o alumnado de 6º terá cada semana unha reunión por vídeo conferencia empregando o aplicativo facilitado pola Consellería na que a profesora explicará as actividades e exercicios físicos das sesións prácticas desa semana subidas ao curso da plataforma EVA.

Nas reunións tamén se explicaran as probas de execución motriz que ten que realizar o alumnado e resolveranse as dúbidas que formule o alumnado sobre as tarefas, cuestionarios e outros aspectos.

Así mesmo, algunhas das probas de execución motriz poderán ser realizadas polo alumnado mediante vídeo conferencia.

Metodoloxía na educación presencial para preparase no caso de pasar a educación non presencial:

- O profesorado porá en aberto o tema a traballar e marcará as actividades a realizar .
- Iniciarase ao alumnado no uso das ferramentas básicas do portátil (editor de textos, presentacións, vídeos, editor de imaxes...)
- Proporanse actividades como: traballos escritos (a man e co editor de textos), presentacións, vídeos... Os traballos realizados co portátil deberán entregarse como tarefa no Eva Edixgal.
- Realizaranse cuestionarios en Edixgal sobre os temas traballados.
- Utilizaranse actividades dixitais interactivas e de reforzo de diferentes repositorios.
- Utilizaranse vídeos relacionados cos temas a traballar (documentais, cancións, tutoriais...)
- Realizaranse tarefas mixtas (parte na aula e parte na casa) para familiarizarse co modo de traballo no caso de pasar a unha educación non presencial.

Metodoloxía actividade lectiva semipresencial.

A tecnoloxía aplicada á educación permite correccións e *feedback* inmediatos e personalizados. Pero tamén presenta certos riscos: a dispersión, a sensación de soidade e a de que o esforzo que debe facerse é excesivo. O/A docente debe velar por minimizar eses riscos, tanto en grupo como individualmente.

Non se trata de trasladar á actividade non presencial os mesmos esquemas de traballo, rutinas ou horarios escolares da modalidade presencial. Hai que ter en conta a carencia, nalgúns casos, de recursos, pero

tamén a carga emocional, tanto individual como familiar e social, que o alumnado soporta pola situación actual.

Nesta situación é fundamental manter un contacto periódico (telefónico ou por outras vías) para asegurar o seguimento das necesidades e dificultades que poidan xurdir entre o alumnado.

No caso de que a actividade lectiva sexa semipresencial, a organización para impartir a materia de Educación Física realizarase mediante a realización semanal de:

- Unha sesión práctica presencial na que se realizaran exercicios motrices e actividades físicas. Nestas sesións realizaranse as probas de execución motriz.
- Unha sesión non presencial para a que se empregará a plataforma Eva- Edixgal. Nestas sesións traballaranse os contidos teóricos da unidade, realizaranse actividades dixitais, tarefas conceptuais e cuestionarios.

Comunicación coas familias e alumnado.

No caso de actividade lectiva non presencial ou semipresencial a comunicación co alumnado será a través da mesaxería Edixgal e as videoconferencias, coas familias a través de Abalar Móbil.

Alumnado con fenda dixital

Todo o alumnado de 6º ten portátil E-Dixgal e conexión a Internet nos seus fogares.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial.

Durante o primeiro trimestre, para ver a situación de partida do alumnado, realizaranse unha serie de test físicos e motores (probas DAFIS) e unha enquisa sobre hábitos de saúde, nutrición e actividade deportiva.

Cos test preténdese ver a evolución do alumnado ao longo do curso e nos diferentes anos da Primaria.

Terase en conta a historia escolar, sociofamiliar e médica de cada alumn@.

Procedementos de avaliación.

A avaliación será **continua e global**, partindo das capacidades previas do alumnado.

Utilizarase principalmente a observación directa mediante: listas de control, rexistros anecdóticos, escalas de avaliación, rúbricas...

Realizaranse **probos escritos e probos específicos** do deporte ou cualidade física a traballar.

O alumnado avaliarase a si mesmo, **autoavaliación**, cubrindo un cuestionario ao final das diferentes unidades.

O alumnado avaliará a outros compañeiros, **Coavaliación**.

Ao finalizar o curso, trimestre e Unidade Didáctica farase unha **avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe** tendo en conta o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a metodoloxía e recursos utilizados e introduciremos as melloras que consideremos oportunas.

Procedemento para calcular a nota da avaliación ordinaria.

A avaliación será **continua** xa que todos os contidos se traballarán todos os trimestres.

Será imprescindible superar os mínimos de todos os bloques.

Os procedementos de avaliación que utilizaremos serán os seguintes:

- Proba da avaliación inicial.
- Observación directa.
- Elemento de diagnóstico: rúbricas
- Avaliación de contidos, probas físicas e cuestionarios correspondentes á unidade.
- Traballos escritos sobre diferentes deportes, xogos ou coidado da saúde.
- Seguimento da avaliación continua no rexistro.

Cráterios sobre a avaliación e cualificación

Para a obtención da nota da materia, teremos en conta a seguinte táboa, na que se reflicten as porcentaxes, dando a relación numérica de 100% coma un 10 de nota numérica.

| Procedemento | Instrumento | Porcentaxe |
|-------------------------|----------------------------|------------|
| Observación Sistemática | Lista de control | 20 % |
| Análise das producións | Traballos de investigación | 20 % |
| Probas específicas | Probas físicas | 55 % |
| | Probas abertas | 5% |

Actividades de recuperación e reforzo

En cada unidade didáctica sempre se repasan os contidos das anteriores, moitos dos xogos utilízanse en diferentes sesións e unidades, deste xeito estanse reforzando os contidos xa traballados.

Nas dúas últimas sesións do trimestre o alumnado que non acadara algún dos obxectivos ten a posibilidade de facer actividades nas que demostre que xa os acadou.

O alumnado que non presente os traballos de investigación correspondente realizará fichas para a súa recuperación.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Aproveitaranse as situacións espontáneas para afianzar as relacións co alumnado.
- Combinaranse agrupamentos heteroxéneos con outros de carácter homoxéneo.
- Fomentarse a participación de todo o alumnado no grupo, axudando a mellorar a autoestima.
- Realizaranse actividades en gran grupo para mellorar o clima e a relación do alumnado.
- Utilizaranse técnicas e estratexias que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión.
- Potenciarase a utilización de técnicas de traballo cooperativo, para conseguir a participación de todo o alumnado.
- Detectaranse cales son as ideas previas do alumnado antes de iniciar unha nova unidade.
- O alumnado que non poida realizar actividade física por estar lesionado ou enfermo asistirá igual á clase de Educación Física.

Estará atento á execución dos exercicios e cubrirá unha ficha sobre a sesión.

Se a lesión ou enfermidade é longa avaliarase mediante traballos sobre cada UD, a mestra indicarlle onde obter a información necesaria para a realización do mesmo.

Tamén poderá ser avaliado oralmente indicando se a execución das tarefas dos compañeiros é a correcta ou debe ser corrixida.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO

O tratamento transversal da educación en valores pódese resumir na etapa de primaria en dous tipos de valores:

1. Referidos a valores sociais que configuran o sistema educativo dándolle unha dimensión ética, e que todos debemos coñecer e respectar, baseados nos valores, liberdades e dereitos constitucionais e nos dereitos humanos: igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, tolerancia, solidariedade, xustiza, equidade. Son importantes porque sustentan a práctica da cidadanía democrática.

2. Valores de tipo individual que hai que desenvolver nos/as alumnos/as, liberdade e responsabilidade persoal, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade, espírito emprendedor, vida saudable (hixiene, dieta, actividade deportiva), educación viaria, desenvolvemento sostible e medio ambiente, riscos derivados do uso das TIC,...

Os elementos transversais, presentes en todas as áreas, están compostos por coñecementos, destrezas e sobre todo actitudes, polo que serán traballados a través da propia experiencia do alumnado que fan dos valores que intentamos transmitir e dos resultados e consecuencias que obteñen de dita experiencia.

O profesorado terá en conta en toda a actuación educativa estes elementos transversais: á hora de organizar a aula, de seleccionar lecturas e materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar aos alumnos/as, de seleccionar estratexias que permitan a colaboración, o protagonismo do alumnado.

Algunhas das estratexias que levaremos a cabo na aula serán: asembleas, diálogos e xogos de rol playing, adestramento en habilidades sociais, dinámicas de grupo, análise de situacións con valores en conflito, mediación na resolución de conflitos, visionado e análise de vídeos seleccionados para traballar valores...

a) EDIXGAL

O curso de 6º de primaria forma parte do proxecto EDIXGAL polo que desenvolverán a súa actividade educativa diaria nun entorno virtual de aprendizaxe (plataforma EVA) que lles vai permitir acceder a contidos dixitais.

Os obxectivos que se pretende que acade o alumnado son os seguintes:

1. Realizar as aprendizaxes na aula utilizando o entorno virtual de aprendizaxe.
2. Contribuír ao proceso de alfabetización dixital: crear presentacións, realizar traballos co procesador de texto, con imaxes, utilizar Internet para a procura de información...
3. Adquirir estratexias na busca de información co fin de obter aprendizaxes significativas.
4. Desenvolver o sentido crítico con respecto ás distintas informacións ás que se accede.
5. Realizar traballos cooperativos.
6. Adquirir novas estratexias para expoñer os coñecementos co fin de que sexa máis motivador, tanto para o que expón como para o que recibe a información.

Para conseguir estes obxectivos utilizaremos:

1. O EDI
2. Os ordenadores Edixgal do alumnado.
3. Todo o material da plataforma EVA.

4. A páxina web e a Aula Virtual do Centro .

b) PROXECTO LINGÜÍSTICO

Desde a área de Educación física traballaremos diferentes xogos populares e tradicionais de Galicia e o vocabulario específico dos deportes e o corpo.

Os obxectivos principais do proxecto lingüístico para o fomento da lingua galega baséanse en:

1. Adquirir de forma oral e escrita a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.
2. Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso.
3. Erradicar o emprego sexista da lingua galega e castelá en todos os ámbitos.

Participaremos nas actividades propostas polo Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega para desenvolver o Plan de Fomento do uso do galego. Entre as actividades destacamos:

- Obras teatrais.
- Roteiros...
- Danzas.

c) PROXECTO LECTOR

Utilizaremos o Plan Lector para mostrar as aprendizaxes de diferentes actividades físicas e deportivas de xeito máis gráfico, para buscar información, reforzar coñecementos adquiridos e realizar traballos e presentacións sobre diferentes deportes.

Empregaremos:

- Libros de consulta e lectura da biblioteca do Centro.
- Internet: para buscar información.

Obxectivos

- Desenvolver estratexias de busca e selección da información.
- Coñecer as características de distintos tipos de texto e formatos.
- Empregar as TIC para obter información.
- Desenvolver a expresión oral e escrita.

Actividades a realizar:

- Lectura de contos, revistas, xornais deportivos...

c) PLAN FOMENTO HÁBITOS VIDA SAUDABLES.

| Actividade | Data |
|--|----------------------|
| Participación en sesións prácticas de diferentes disciplinas realizadas por deportistas que as practican para animar ao alumnado a realizar estes deportes. | Todo o ano |
| Información das diferentes actividades deportivas que se realizan na contorna: roteiros, actividades de iniciación a diferentes deportes, campionatos... | Todo o ano |
| Probas DAFIS | Primeiro trimestre |
| Realización de hábitos de aseo ao rematar a sesión de Educación Física: <ul style="list-style-type: none"> Aseo e cambio de camiseta e calcetíns. Este curso non se realizará a ducha debido á situación creada pola covid 19 | Todo o ano |
| Realización de quecementos antes da actividade física para evitar lesións. | Todo o ano |
| Recomendacións ás familias nas reunións conxuntas de titoría sobre hábitos de sono, hixiene, uso de crema solar, hixiene postural. | Reunións trimestrais |
| Recreos saúdables, martes de froita. | Todo o ano |

d) PLAN PROXECTA:

Participaremos no apartado “Aliméntate ben”

Desde a materia de Educación Física traballaremos a importancia dunha boa alimentación.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

| Conmemoracións | Data prevista |
|--|------------------------------------|
| Día Universal da Infancia. | 20 de novembro |
| Día Internacional contra a Violencia de Xénero. | 25 de novembro |
| Día Internacional das Persoas con Discapacidade. | 3 de decembro |
| Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. | Do 30 de novembro ao 7 de decembro |
| Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos | 10 de decembro |
| Día Internacional da Educación | 24 de xaneiro |
| Día Escolar da non Violencia e da Paz. | 30 de xaneiro |
| Día de Rosalía de Castro. | 24 de febreiro |
| Día Internacional da Muller. | 8 de marzo |
| Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. | 15 de marzo |
| Semana da Prensa. Nesta semana traballarase na aula con xornais. | Do 7 ao 11 de marzo |
| Día Mundial da Saúde. | 7 de abril |
| Semana do Libro. | Do 18 ao 22 de abril |
| Día Internacional contra o Acoso Escolar. | 2 de maio |
| Día de Europa. | 9 de maio |
| Semana das Letras Galegas | Do 16 ao 20 de maio |

| | |
|---|-------------|
| Día mundial do Medio Ambiente. | 5 de xuño |
| Día pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. | Mes de xuño |

| Celebracións | Data prevista |
|---------------------|---|
| Samalín/Halloween | 29 outubro |
| Magosto | Mes de outubro |
| Nadal | 21 decembro |
| Entroido | 25 de febreiro. |
| Letras Galegas | Semana das Letras Galegas |
| Festival | Se a situación epidemiolóxica o permite |
| Festa fin de curso | 22 xuño |

*Faranse na aula

| Saídas e actividades | Data prevista |
|---|----------------------|
| Charla plan Director (acoso escolar) | 2º trimestre |
| Charla navega con Rumbo (uso das TIC) | Sen determinar |
| Saídas para observación da contorna (illa esculturas, o río Lérez...) | Todo o curso |
| Sesións contacontos, encontros con escritores... | Todo o ano |
| Actividades ofertadas: Concello/Deputación/ Biblioteca pública ... | Todo o curso |

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos na programación, introducíndose as medidas correctoras oportunas.

O obxectivo desta avaliación será a de analizar cunha periodicidade trimestral a adecuación da programación á realidade do curso e deseñar as modificacións pertinentes cara ao vindeiro curso.

O proceso a seguir será o seguinte:

- Análise e avaliación nas reunións, unha vez ao trimestre, do profesorado de 6º de primaria.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro para o seu coñecemento.

- Inclusión das valoracións na Memoria Final de curso reflectindo os logros e dificultades atopadas, así coma os aspectos que incidiron positiva ou negativamente no desenvolvemento da programación.

Algúns dos instrumentos que utilizaremos serán: cuestionarios, entrevistas, observación directa, análise de tarefas, etc.

En relación a programación:

| Con respecto ao contexto : | SI | NON |
|---|----|-----|
| As estratexias establecidas para informar a comunidade educativa deron o resultado esperado e houbo unha boa participación por parte desta. | | |
| Os recursos existentes do medio e apoios externos foron funcionais nas estratexias de coordinación establecidas. | | |
| A coordinación coa familia contou cunha boa colaboración desta última. | | |
| A coordinación coas administracións locais e apoios externos permitiu conseguir as finalidades propostas. | | |
| A comunidade educativa participou activamente en festas e talleres establecidos durante o curso escolar. | | |

| Con respecto ao Centro : | SI | NON |
|---|----|-----|
| Os aspectos establecidos nos documentos organizativos aseguraron a integración e desenvolvemento dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo. | | |
| A información transmitida a titores e profesores foi axeitada e serviu para que o seu traballo cos alumnos fose individualizado e adecuado ás súas necesidades específicas. | | |
| As vías de coordinación establecidas, a nivel interno, permitiron a posta en práctica das medidas de atención á diversidade. | | |
| Os recursos do centro apoiaron a formación do profesorado no seu traballo respecto aos alumnos con necesidades específicas. | | |
| A organización dos tempos permitiu o apoio aos alumnos nunha situación o máis normalizada posible. | | |
| A información obtida, a nivel da acción titorial, foi suficiente para atender ás necesidades dos alumnos. | | |
| O proceso de avaliación permitiu valorar de xeito obxectivo o proceso de ensino e de aprendizaxe. | | |

| Con respecto aos alumnado : | SI | NON |
|--|----|-----|
| Adquiriron un coñecemento axeitado das necesidades dos seus compañeiros. | | |
| As actividades programadas a nivel de centro favoreceron o desenvolvemento nos alumnos de habilidades e actitudes axustadas. | | |
| Os alumnos utilizaron funcionalmente o material establecido máis especificamente para eles. | | |
| Mostran interese e curiosidade nas actividades que se lles formulan | | |
| Manifestan habilidades no uso das TIC | | |

Ao remate de cada trimestre haberá unha posta en común de todos os compoñentes do nivel para avaliar a través deste CUESTIONARIO a programación.

| CRITERIOS | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|----------|----------|----------|----------|
| Os obxectivos corresponden ao currículo de 6º de primaria. | | | | |
| Adecuación dos obxectivos ás características do alumnado. | | | | |
| Contribución da materia ás competencias básicas. | | | | |
| A selección de contidos da área está de acordo co desenvolvemento evolutivo do alumnado. | | | | |
| Os criterios de avaliación correspóndense cos obxectivos. | | | | |
| Os procedementos de avaliación utilizados adecúanse ao alumnado e á materia. | | | | |
| Os aprendizaxes básicos para alcanzar unha avaliación positiva son congruentes cos obxectivos. | | | | |
| A metodoloxía utilizada na área favorece as aprendizaxes do alumnado. | | | | |
| Os materiais curriculares utilizados facilitan unha aprendizaxe significativa e funcional. | | | | |
| As decisións tomadas en relación coa lectura contribúen ao seu desenvolvemento. | | | | |
| A aplicación das estratexias de comprensión lectora axudan ao alumnado a desenvolver o hábito lector. | | | | |
| Utilízanse as TICs no traballo dentro da aula. | | | | |
| Prográmanse variedade de actividades complementarias e extraescolares. | | | | |
| Existen mecanismos favorecedores das normas de convivencia que permitan un desenvolvemento axeitado das actividades de clase. | | | | |

1. Desacordo co cumprimento do criterio.
2. O criterio cúmprese parcialmente.
3. O criterio cúmprese suficientemente.
4. Estase de acordo co cumprimento do criterio.

A programación revisarase cunha periodicidade trimestral, os resultados se reflectirán nas memorias.

En caso de se detectar algún cambio significativo nas mesmas, que supoña ter que facer variacións importantes, informarase deles á xefatura de estudos, para comunicalos á inspección educativa.

O procedemento usado para avaliar a adecuación da programación será a autoavaliación.

| AUTOAVALIACIÓN: | SI | NON |
|--|-----------|------------|
| A organización que levei a cabo na programación permitíume conseguir os obxectivos propostos. | | |
| A elaboración dos documentos do centro, vías de coordinación, entrevistas, ... apoiou o funcionamento do centro, formación de profesores, implicación da familia, comunidade educativa e a atención ás necesidades específicas de apoio educativo dos alumnos. | | |
| A organización que establecín nos programas foi a adecuada respecto aos propios alumnos e axentes educativos implicados nestes. | | |

